

Entrevista a
Francisco
González



Páxina 5

Laura Méndez
negocia con
Feijóo



Páxina 9

Sergio e Adela
gañan o medio
maratón da
Coruña



Páxina 8

“Na PLISAN
venderemos
a 50€m²”



Entrevista a
Teresa Pedrosa

Páxina 18

Monção
promociona a
lamprea do
Minho



Páxina 20



Mes de Amandi, Vinis Terrae e Ribeiro

O Concello de Sober celebra en marzo o denominado Mes de Amandi. Os días 8 e 9 de abril será a XXXVII edición da Feira do Viño de Amandi. A programación complétase con dúas exposicións. Unha delas, do 8 ao 30 de abril no Centro Sociocultural de Sober onde estarán expostos os traballos presentados ao concurso de carteis, e os debuxos presentados ó III Certame de debuxo infantil.

A XXXVII edición da Feira do Viño inclúe a convocatoria de tres concursos: o concurso de carteis, ao que se presentaron 40 orixinais chegados de diferentes puntos do Estado, o Concurso de talla con motoserpa que terá lugar na Praza do Concello entre o 1 e o 7 de abril e ten por obxecto realizar pezas de artesanía que inicialmente formaran parte do mobiliario da Feira do Viño de Amandi e posteriormente decorarán os edificios

públicos de Sober e o concurso de debuxo infantil aberto a todos os centros de ensino primario da Comarca de Lemos que ten como obxectivo elaborar un adhesivo co debuxo ganador.

Por outra banda, Expourense celebra o 3 e 4 de abril o VII Salón dos viños e licores galegos de calidade, e Ribadavia, a LIV edición da Feira do Viño do Ribeiro desde o 29 de abril ata o 1 de maio.

Páxina 11 e 24

Unha historia, unha terra, un sentimento.
Tintos Señorío de Rubios e Manuel D'Amato,
DESCÚBREOS!

Bouza do rato s/n 36-449 Rubiós As Neves, Pontevedra, Galicia
986-667 212 info@arubios.com

SEÑORIO DE RUBIOS
www.arubios.com

Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Unhas son máis iguais ca outras

Na Animal Farm de George Orwell os porcos reitores da revolución animal que botara fóra ao granxeiro foron desnaturalizando, co paso do tempo, a igualdade proclamada ao comezo ("todos os animais son iguais") para xustificar os seus propios privilexios, chegando lexislar "todos os animais son iguais, pero algúns son máis iguais ca outros".

Da lectura da sentenza do caso Noos tiramos a mesma conclusión a respecto das persoas: todas iguais, pero unhas máis iguais ca as outras. Cristina de Borbón foi absolta da acusación de delito fiscal (condenada só como responsábel civil a devolver o diñeiro que o Tribunal entendeu se beneficiara del) por considerar o Tribunal que, malia ser socia, non era administradora de feito nin de dereito da sociedade AIZOON, S.L.

AIZOON, S.L. era administrada polo seu home e cobraba por servizos supostamente prestados ao Instituto Noos, asociación teóricamente sen fins de lucro que era a que conseguía os cartos públicos e na que rexía unha Directiva na que Urdangarín era presidente, o funcionario da Coroa, G^a Revenga Tesoureiro e a Borbón vogal. A AIZOON, S.L. se lle cargaban gastos persoais en grande contía, mesmo o servizo doméstico da familia Borbón-Urdangarín. E Cristina de Borbón non se enteraba. Sen dúbida unha res-

pectábel interpretación xudicial dos feitos probados que, porén, choca moitísimo coa praxe xudicial noutros casos semellantes.

Por outra banda, a condena penal de Urdangarín é certamente benigna. O Tribunal decidiu condenalo polos delitos continuados de prevaricación e falsidade en documento público e polo delito de malversación de fondos públicos. Mais o Tribunal rebaxou substancialmente a pena aplicando unha regra pouco usada do Código Penal que permite beneficiar en circunstancias moi excepcionais aos autores non directos (Urdangarín era só cooperador necesario) e, por riba, aplicou a atenuante de reparación do dano, de moi discutíbel ponderación tendo en conta o atraso procesual co que Urdangarín depositou parte do diñeiro defraudado. A mesma regra de rebaixa da pena aplicábel e a mesma atenuante se lle aplicou ao delito de fraude á Administración balear polo que tamén foi condenado.

Se ao exposto lle engadimos a omisión total a respecto do papel xogado en todo este conto polo Emérito fica claro que algunhas persoas son máis iguais ca as outras.



Por Manuel Rego Nieto

De chivatos e lentellas

Dende sempre os chivatos causáronme desprezo. Na miña etapa de xerente do Hospital Santa María Nai en Ourense, tiven de chivato ao administrador Ernesto Ortiz Neira, que estaba en comunicación directa cun funcionario, José Luis Cordero Beledé, que a súa vez facíalle a pelota a Victorino Núñez (q.e.g.e.), presidente da Deputación, daquela propietaria do Hospital.

Se algo eu falaba mal ou criticaba a xestión do presidente, deseguido o fio telefónico comunicaba coa Deputación pra lle contar as miñas novas. Victorino, que chegou a presidente porque David Ferrer Garrido renunciou a ir na candidatura de Coalición Galega (un invento de Eulogio Gómez Franqueira, grande empresario e mellor persoa a quen por certo Victorino acabou traizoando con Xosé Luis Baltar e cía.), era unha persoa a que lle encantaba o chismorreio. Perdía de cháchara moitas horas de traballo (que o diga Xosé Platero Paz), e quen isto escribe viuse perseguido por el de palabra e obra. Nun reparto de cartos que voluntariamente fixo ao seu entender quitoume 300.000 pesetas e outras 25.000 máis (que xa eran cartos na década dos oitenta!), por non lle caer simpático e ser amigo de David Ferrer.

E inda que non ten nada que ver co chivateo, Xosé Luis Baltar, o pai do actual presidente do organismo provincial ourensán, fíxome no seu día dúas propostas políticas: a primeira, ser delegado provincial de Cultura, e como lle dixen que non, ofreceume a dirección xeral de Cultura pra complacer a Daniel Barata, daquela conselleiro de Cultura da Xunta con Manuel Fraga. Negueime tamén, dicíndolle: "Deixame en paz. Eu convosco non vou nin a misa". Claro que eu son carlista, galego de nación, español por historia e europeo por cultura, por un prato de lentexas non ía tirar pola borda tantos anos de loita por unha causa que, como me dixo José María Castroviejo ceando unha vez en Ourense: "Mira Rego, hoxe o Carlismo é polvo enamorado, non ten nada que facer. Pero en política nunca se sabe".

Pois entre chivatos e detencións policiais e da Garda Civil, un chega aos 85 anos sin se ter enriquecido (logo de dez anos de concelleiro), nin caludicado dunha ideoloxía que inda está viva. E dos chivatos, que o demo me leve...



Por Carlos Méixome

Cassandra apesarada

A verdade é que me sorprendeu. O outro día baixando por unha das rúas braguesas perpendiculares á luminosa Praza da República, na branca parede dunha fermosa casa, escrita con letra persoal coidadosamente entrecomiñada, batín coa frase, así en castelán, "No a la ley mordaza". Latexoume nos ollos por inesperada. Matinei na ameazante advertencia.

Lembrei a Cassandra (así, con dous s), a rapaza murciana que se enfronta a unha petición de dous anos e seis meses de cárcere polos "chistes" referidos ao almirante Carrero Blanco. A moza de 21 anos, estudante de Historia, seica tuiteou: "Kissinger le regaló a Carrero Blanco un trozo de luna, ETA le pagó el viaje a ella". É evidente que ten ben estudado o momento, efectivamente o temíbel conspirador e secretario de estado de Nixon, agasallara, un día antes do atentado, ao que ía ser sucesor de Franco cun anaco de pedra da lúa.

Oxalá que o seu nome non sexa premonitorio. Seica Cassandra pediulle a Apolo o don da profecía. O deus concedeuillo a cambio de que a fermosa moza se deitase con el. Esta retractouse. O patrón de Dellos cuspiulle na boca e fixo que ninguén



crese nos seus vaticinios. Fariamos mal non crer o que Cassandra nos anuncia.

Lembro ben o rostro apesarado, asustado e medorento do meu pai cando, a media mañá daquel 20 de decembro de 1973, entrou na habitación para anun-

ciarme o voo do almirante das "cellas mestas". Lembro ben a enxurrada de chistes, uns mais graciosos que outros, que aos poucos días inzaban as barras dos bares, as mesas de comedor ou os bancos das prazas. Agora, por facer chistes, corenta e tantos anos despois ameazan unha rapaza con dous anos e medio de cárcere?

No seu último libro o profesor Fontana analiza como o medo obsesivo condiciona o comportamento social, unhas veces inhibindo as respostas colectivas e outras provocando indesexados estoupidos. Son dos que pensan que é inexplicábel a escasa resposta social ante a brutal crise desatada desde o 2008 sen recorrer ao factor medo; como tamén penso que é inconcibíbel o avance da extrema dereita na Europa central e do norte sen ter en consideración mecanismos como o

temor ao "outro descoñecido". Este concepto tamén cumpriría consideralo para explicar a vitoria do personaxe Trump.

Unha extrema dereita que en España non se manifesta abertamente porque está agochada nun partido herdeiro, en gran

medida, dos "ollos moles" do xeneralísimo e das "cellas mestas" do almirante pero que se expresa, cada vez con máis intensidade, cando as súas elites se senten inquietas ou cuestionadas.

A persecución (Cassandra, cantante de Def Con Dos, concelleiro de Cangas...) contra a liberdade de expresión ten como finalidade a intimidación da disidencia e a exaltación da superioridade moral das elites establecendo uns lindes moi rixidos para os opositores e moi frouxos para elas. Así ordenan as vítimas segundo un escalafón moral; na cima están as vítimas de ETA e no lugar máis baixo as do franquismo e polo medio aquelas que non poden ser facilmente manipuladas (Alvia, Yak42...). Así que xa saben non se poden facer chistes en Twitter ou na barra sobre Carrero ou similares pero si se poden dicir barbaridades sobre os familiares das vítimas do franquismo en sede parlamentaria, subvencionar á Fundación Francisco Franco ou protexer a exministros e expolicias para que non teñan que responder ante a xustiza.



Por: Guillermo Rodríguez

Director



A que chamamos populismo?

Os activos tertulianos deste país e os medios que podemos chamar pesebrietas porque todos traballan “pro domo sua”, que dirían os clásicos, veñen utilizando este termo para denostar insistentemente aquelas forzas políticas que se presentaron no escenario e que tenden a arrebatarlles o Poder.

Dunha maneira xeral e un tanto empírica podemos definir que o populismo é un rechazo aos políticos profesionais; unha disconformidade coas políticas públicas existentes: un diálogo directo entre a dirección dos movementos sociais e a propia base social e finalmente trátase dunha forte vontade de mobilización e participación.

Este termo tamén se usa para designar correntes ideolóxicas que reivindicán ao Estado como defensor dos intereses da maioría social a través do intervencionismo e a seguridade social, na procura dunha maior

xustiza social e do Estado do Benestar.

A crise da representación política é unha condición necesaria pero non suficiente para a aparición de populismos. Precísase certo nivel de crise nas alturas da política e da ahí a aparición de novos liderazgos que se presentan eficaces como líderes alternativos, alleos á clase política existente, articulando as demandas sociais insatisfeitas e o resentimento político dos sentimentos de marxinação. Deste caldo de cultivo nace o novo líder que pregoa o rescate da representación popular. Deste xeito o populismo nútrese da crise de representación cambiando os termos do discurso (Non nos representan do 15-M), acelerando a constitución de novas identidades, reordenando o espazo político existente.

Dende a outra banda os sectores conservadores utilizan o termo populista para definir aos gobernos que representan

intereses das clases económicas altas como separados ou contrarios aos das clases máis baixas. Segundo Ylarri, o rasgo máis característico do populismo é a construción da idea de pobo com o axente histórico depositario das virtudes sociais de xustiza e moralidade, responsable do cambio social, confrontado a todo o que impide o desenvolvemento do destino dun pobo.


Na súa novela “Todos los hombres del rey”, Estéban Hernández, premio Pulitzer, analiza a relación entre populismo e aristocracia. Sostén que nos países menos desenvolvidos o populismo vai da man da loita contra a fame, a favor dos impostos aos ricos e o sometemento do mundo empresarial á política, tal como xa prantexaron políticos como Franklin Delano Roosevelt, nos EE.UU, con o New Deal. Neses países o populismo definiría unha alternativa á aristocracia, por esta razón se opoñen os sec-

tores e partidos conservadores.

Claro que aquí nesta nosa terra as mentiras repetidas constantemente polos medios de comunicación dependentes do poder empresarial non nos van informar a que se pode chamar populismo e de onde procede esa cualificación. Isto non interesa porque socavaria as bases do poder económico existente. Hai que repetir que o populismo é algo nefasto para os cidadáns; hai que buscar cabezas de turco para que non poidan representalo na súa realidade. Isto significaría darlle volta a tortilla corrupta que nos serven cada día de almorzo.

Quen se atreve a entrar na cociña e cambiar os ingredientes? Vdes. Teñen a palabra.

Por Félix



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Losada Dorado – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Félix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Opinión

Por Alberto Azcarate

Podemos e o terceiro mandato que Iglesias prefiriu silenciar

O primeiro expresouse de modo inequívoco en reiteradas ocasións; o segundo é, como mínimo interpretable. Iglesias prefiriu lelo en clave subxectiva (“depór os egos”), en obvia alusión aos enfrontamentos con Errejón, aínda que parece evidente que a demanda expresaba unha esixencia máis profunda: o empacho perante a irritante autorreferencialidade de Podemos ao longo da campaña. Parecera que só Miguel Urbán e os seus anticapitalistas registraron –no tramo final– a desabor xorda que alimentaba unha crecente desafección; en resposta, intentaron saltar o cerco de obstinado ombliguismo, exteriorizando algunhas propostas de transformación social.

Pero houbo un terceiro mandato sobre o que Iglesias prefiriu pasar nas puntas dos pés. Asumilo explicitamente tería sido interpretado como aproveitar o seu trunfo arrasador para “facer sangue” no derrotado Errejón. A multitude expresou claramente a demanda dun radical rupturismo co tripartito (PP, PSOE, C’s) e a énfase na mobilización cidadá como instrumento de cambio. Polo menos na actual fase. Isto evidenciouse na clamorosa acollida á intervención de Urbán –aplaudida de pé– na que se prodigou en consignas de forte radicalidade programática (auditoría da débeda e posterior impagamento da parte ilexítima, anulación da reforma do art. 135 da Constitución, nacionalizacións, sumarse aos movementos sociais e de autoorganización, anticapitalismo ecoloxista e feminista, etc.). Esta vontade quedou ratificada nas aclamacións que cobraron forza cando Iglesias se comprometeu a facer política de oposición ao PP “sen parecer nos ao inimigo” e ao asumir que “seguro que cometeremos moitos erros, menos un: non imos cambiar de bando”. Ambas elipses tiñan un manifesto destinatario: o errejonismo e a súa deriva moderada e amable co PSOE, sumada á súa vocación explícitamente institucionalista.

Os analistas afirman que Pablo Iglesias sae fortalecido de Vistalegre II. Ponderemos. Está claro que o modelo organizativo aprobado implica maior concentración e centralización de poder ao seu favor, potenciando o modelo cesarista e plebiscitario inaugurado en Vistalegre I. Sen embargo, a posición do líder e o seu grupo dista de ser segura e comfortable. Antes de pasar á súa análise, consideremos a deriva dos principais derrotados de Vistalegre II: Íñigo Errejón e o seu grupo.

Errejón, ou o Richelieu en evidencia

Quen sabe se fose máis pertinente comparalo con Ratzinger, o poderoso ideólogo oculto que orientou a prédica anticomunista e neoliberal do Papa Juan Pablo II, este mellor facultado para os platós que para o pensamento. Na deriva de Ratzinger, durante todo este tempo Errejón viviu confortablemente á sombra –e ao lado– de Pablo Iglesias, coa indiscutible habilidade de impartir doutrina



Pablo Iglesias, reelixido secretario xeral de Podemos en Vistalegre II. Foto: PODEMOS

sen pór o corpo. Non fixo cuestión dos loureiros do poder, a cambio dun comfortable resguardo do desgaste que este supón e o indiscutible privilexio de “dar as cartas”, deseñando os escenarios tácticos e estratéxicos. Foi o principal valedor das teses laclausianas, que levaron a

detalle. A xogada tivo como primeira consecuencia a destitución fulminante de Sergio Pascual, secretario de Organización e home de confianza de Errejón. A segunda reacción de Iglesias orientouse en tres direccións: a) rodeouse de fieles escudeiros (Irene Montero, Rafa Mayoral...)

“Se quere ‘parecerse á xente terá que expór a súa organización ás lóxicas propias dun tecido social diverso, multiforme e acentrado. Unha linguaxe reñida coa vocación centralista e ‘representativa’ dos partidos e das institucións”

Podemos a sustentar a difícil coexistencia de declararse “patriota” –en semántica latinoamericanista cara ao núcleo irradiador– e simultaneamente asumirse como “a nova socialdemocracia”, en indiscutible guiño ao electorado do PSOE. Coa súa derrota, debilítase a liña máis conciliadora coa herdanza do Réxime do 78 e de rexeitamento á alianza coa Izquierda Unida de Alberto Garzón. Foi Pablo Iglesias quen propiciou este vínculo, e difícil precisar se o fixo por unha revisión parcial do ideario populista orixinal de Podemos, ou impulsado pola chamada das súas bases que para o 26-J o conminaron a abandonar a autorreferencialidade podemita e abrazar un acordo con IU.

Como bo articulador, Errejón non se limitou a “sementar ideas” senón a acaparar –e repartir– cargos na estrutura institucional de Podemos, conseguindo facerse co que na xerga profesional se enuncia como “o control do aparato”. Foise expandindo como unha mancha de aceite nun balde de auga, ata que Iglesias descubriu a trama coñecida como “Jaque Pastor”, que Enric Juliana describira en

en substitución do aparato controlado polo seu antigo amigo; b) estreitou vínculos con Alberto Garzón, ratificándolle a solidez da alianza con IU; c) comezou a restituír os fíos que cortara en Vistalegre I con Miguel Urbán e os seus anticapis.

Os dilemas de Pablo Iglesias

A pesar do seu impresionante trunfo fronte ao errejonismo, Iglesias non terá fácil comandar esta nova versión, que a primeira vista podería parecer máis aberta e plural e que, sen embargo, nos parece simplemente máis desunida e igualmente distante das súas pretensións orixinais de “parecerse á xente”.

Dada a lóxica centralista e vertical en que se formou Podemos –amplificada neste Vistalegre II– e exacerbada pola desconfianza a raíz do Jaque Pastor e a silenciosa (e profusa) acumulación de cargos do errejonismo, é esperable que –en clave interna– Iglesias someta a Podemos a unha purga, coa modulación temporal que o seu sentido de prudencia política lle suxira. Illará e subalternizará o errejonismo, tirándolle áreas e poder de influencia. Pero non bastará con isto, terá

que acompañar o movemento con algún xesto amable cara os anticapis e, simultaneamente, abrir un espazo a Alberto Garzón / IU, que hai tempo vén –soprotando as presións da súa propia interna– agardando un lugar á destra do Señor.

Pero Iglesias tamén é un hábil estratega e como tal apuntará noutras direccións. Sabe que despois do silenciado terceiro mandato de Vistalegre II non poderá limitarse a movementos en clave interna, nin tampoco de respostas acotadas ao campo institucional (para iso está o errejonismo). Terá que expór a súa organización ao lume do combate en campo, na cooperación prometida cos organismos vivos da sociedade civil. E nese terreo o Podemos pablista poderá xogar a súa principal baza de lexitimación, pero –paradoxicamente– aí tamén espereita a súa ameaza máis contundente: as lóxicas de organización do que chamamos “o sistema-red 15-M”.

Xa non bastará con xestos retóricos ou lexislativos sobre pobreza enerxética, sobre unha Renta Mínima de Inserción ou outras consignas asumibles polo réxime, por outra parte frecuentemente furtadas por algún dos dous socios colaterais no tripartito (PSOE ou C’s). Se quere “parecerse á xente” terá que expór a súa organización ás lóxicas propias dun tecido social diverso, multiforme e acentrado. Unha linguaxe reñida coa vocación centralista e “representativa” dos partidos e das institucións. Estes só poden responder con desconcerto e desazón ás dinámicas dos movementos sociais e á rede de autoorganización cidadá, tan estendida como allea –e con frecuencia ata hostil– aos tentáculos de Podemos. Sen contar con que neste rumbo os anticapis lle levan unha considerable dianteira. O tempo dirá.

*Alberto Azcarate é activista de “Ganemos Madrid”.

Por Ramón Mariño

Francisco González Sarria, decano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG)

“Unha cousa é ser xornalista multimedia e outra ser xornalista multifunción”

Elixido como decano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) no mes de maio de 2016, Francisco González Sarria, chega nun momento no que se queren realizar cambios tanto do CPXG como introducir novas dinámicas na relación do mesmo tanto con medios como con institucións.

Cales son os eixos do seu decanato no CPXG?

O fundamental é defender o ou a profesional. Non tanto no ámbito laboral, senón da ética, da dignidade do labor xornalístico. Co paso do tempo as preocupacións foron aumentando. Está a precariedade laboral, presións de institucións sobre medios de comunicación e das direccións dos mesmos sobre os planteis de xornalistas e a precarización do traballo. Que pode aportar o Colexio? Pois podemos aportar asesoramento legal desde o nacemento aos máis de mil colexiados que ten.

Tamén nos preocupamos polos xornalistas que saen das facultades. Creamos a Bolsa Nacho Mirás, para crear ilusión e empurrar iniciativas que abrisen novos camiños de traballo. Hai pouco naceu o primeiro proxecto, un mapa de medios e en poucos días nacerá o segundo, “Punto e Volta” que en breve terá a súa web.

O ano pasado naceu a iniciativa e este será o segundo ano Xornalismo na Escola, enfocado aos institutos. Desenvolven en cada demarcación xornalistas desempregados, nas principais cidades galegas, o ano pasado foi no rural.

Toda iniciativa que desenvolvamos ten como aportación primeiro a dos colexiados, as contas para este ano están xa aprobadas, cen mil euros, pero tamén precisamos da aportación de institucións privadas, como as Obras Sociais de Abanca e La Caixa.

Outro pilar é o premio José Couso á liberdade de expresión, polo que supón de reivindicación da dignidade do traballo do xornalista. E tamén a resolución dun crime non esclarecido.

Ten esperanzas de que se resolva o caso Couso?

Se falo como xornalista e como persoa desexaría que se aclarase dunha vez. É unha demanda da familia, unha demanda social en Ferrol e unha demanda da profesión facer xustiza neste caso.

Como explica o fenómeno de mantemento dun número de cabeceiras elevado en Galicia, onde non se consume tanta prensa escrita e o nacemento de novas cabeceiras online?

Entendo que todo está suxeito á economía de mercado. Un dixital permite aforrar unha grande cantidade de custes. Os dixitais tamén nacen porque agora hai moitos receptores, ordenadores, móbiles e tabletas

que fai doado o acceso. E a información é moi inmediata. No xornal tés que esperar para o outro día de non ser que o incorpore á edición dixital. Causa que mata a edición de mañá.

O papel sobrevive porque creo que inflúe o estarmos en Galicia. Eses fenómenos de desaparición do papel noutros lugares chegarán aquí pois tarde. Hai unha poboación envellecida que gusta do papel.

Entón, nese tránsito ao dixital ábrese o abano a novas opinións, a novos editores que non precisarán de tantos recursos, aunque non teñan a grande capacidade de presión que teñen as grandes cabeceiras.

O 24 de xaneiro saiu un estudo do CPXG sobre o estado da profesión en Galicia. Algo máis do 60% son persoal fixo, case un 39% están a contratos precarios ou en réxime de autónomos. O persoal fixo está en perigo de desaparición?

Si, lamentablemente e todo por cuestión de custes. A persoa que traballe no xornalismo, vai ter que asumir labores que nada teñen que ver coas tarefas de xornalista. Comercial, técnico, etc. Unha cousa é ser multimedia e outra ser multifunción. Ademais, tamén se dá a situación de: “escribo para o xornal pero teño que preparar a edición para o dixital e tamén terei que colaborar se a empresa está no audiovisual e enviar información”. Ben, aí quizais están as dinámicas da evolución nos medios, pero o que non vexo é o de mesturar o aspecto publicitario coa información que vai en detrimento da información, ou labores técnicos con informativas que van en detrimento da calidade.

Houbo independencia nos medios algunha vez?

Houbo un tempo no que había medios que naceron sen vocación de gañar cartos, senón como vocación de servizo social. Pero outra cousa é o día a día ligado a cuestións como os poderes ou desenvolvemento do país. Un exemplo, durante canto tempo os medios lle renderon pleitesía á banca? E hoxe en día non hai reparos en poñelos aos pés dos cabalos. As débedas dos grandes medios estaban ligadas a esas



entidades.

As axudas para publicar en galego. Medios que escriben totalmente en castelán reciben a maior partida de diñeiro, mentres que medios completamente en galego, dixitais a maioría, non reciben ou case non reciben axudas. Isto non é contradictorio?

É indefendible. Entendo que un medio, por motivos de desenvolvemento, número de traballadores, etc., teña dereito a acceder a unha serie de axudas. Pero xustificar axudas ao galego a medios que non o empregan como lingua motriz, desde o CPXG témolo apuntado como inasumible. Estamos apoiando as demandas de medios dixitais que fan o seu traballo en galego, e que non reciben axudas polo mesmo. É un dos puntos que presentaremos ao presidente da Xunta na vindeira reunión que teñamos con el. Queremos un reparto equitativo, con regras transparentes para todos os medios e que así podan acceder ás condicións de solicitude de axudas aos medios. Hai concellos como Santiago, Ames, Coruña e a Deputación da Coruña, que din ao CPXG que marque os criterios para facer ese reparto.

Existen dinámicas resistentes no xornalismo a cambiar a linguaxe xornalística no tratamento da violencia sexista?

Si, e hai pouco vivimos un caso recente e preocupante. O CPXG impulsou a Declaración de Compostela, promovemos hai meses a campaña “Non difundas machismo” que tivo repercusión nas redes sociais. Puxemos o acento nas informacións que considerabamos como machistas, algo que pervive sobre todo no ámbito deportivo e de sucesos. Dentro de pouco teremos

unha reunión na que participará a Xunta para ver de como darlle un mellor enfoque no tratamento do alcol en relación coa mocidade. Tamén nos preocupa o tratamento do suicidio nos medios, algo que faremos en colaboración co Colexio de Psicólogos de Galicia. Outro ámbito no que traballamos é sobre as dinámicas de presión de xefes ou das novas tecnoloxías sobre o xornalista. Unha avaliación de riscos, presión e estrés sobre a profesión para ter un coñecemento destes comportamentos.

Abordouse o tema do mobbing.

O CPXG intervéñen por petición da persoa afectada. Podemos coñecer algún caso pero non nos involucramos formalmente, agás que esa persoa se dirixa a nós. Pero insisto, ten que haber unha petición dos profesionais que se sintan presionados, cousa que ten sucedido e dirixirnos ao medio en cuestión. Elaboramos comisións de estudo, facemos un informe, falamos coas dúas partes, hai que falar sempre coas dúas partes para chegar a unha conclusión.

Como xornalista radiofónico, Internet é a plataforma de futuro para a radio?

Guste ou non nos guste, si. A radio non morrerá, vai contigo mesmo por internet, ten que haber un estudio desde onde facer ese labor. Temos que usar medios que antes para nós eran inimaxinables, logo viñeron o fax, os computadores e agora, unha gravación de whatsapp pode subirse á información. No caso da radio pois están tamén os podcast, eu son reacio aos podcasts, porque a radio haina que escoitar, senón pasará como no papel, que non terá audiencia no momento que fas ese programa. Pero ao mellor estou equivocado.

O Pleno dá luz verde aos orzamentos municipais para o exercicio 2017

O Pleno da Corporación aprobou os orzamentos do Concello de Santiago para o exercicio 2017. A proposta presentada polo Goberno local foi apoiada polo BNG, coa abstención do PSOE e o voto negativo do Partido Popular.

Os orzamentos deste 2017 son o resultado do proceso de diálogo que puxo en marcha o Goberno no pasado mes de outubro e que tivo como resultado un documento que incorpora numerosas achegas de todos os grupos, en particular do BNG e do PSOE, así como mocións aprobadas no Pleno.

As contas, tal e como explicou a concelleira, ascenden a máis de 106 millóns de euros de forma consolidada e "son expansivas, participativas e cun marcado carácter ecosocial". No documento orzamentario "consolidáanse as dúas grandes apostas do vixente exercicio: as políticas sociais e o mantemento e reequilibrio territorial, ao mesmo tempo que se suman outros dous eixos: a Compostela verde e a Compostela cultural".

Políticas sociais

En políticas sociais, mantense a liña establecida no orzamento do 2016 e a dotación orzamentaria para a ordenanza de renda básica Compostela + para continuar construíndo a Compostela social a medio e longo prazo. Incrementábase o orzamento para o servizo de axuda no fogar nun 14%, prevendo novas exencións para persoas con menor renda, así como unha mellora nas prestacións do servizo.

Incorpórase tamén unha partida para reformas e adquisición de mobiliario para catro pisos en Fontiñas, de propiedade municipal, para continuar co Programa de Atención ás Persoas sen Teito, programas de emerxencia social e Housing First.

Tamén se continúa co gran contrato de mantemento por valor de 1,2 millóns de euros, porque "querer é manter". Seguirase pois investindo en manter a rede viaria do noso concello para suplir o déficit do último mandato.

Equilibrio territorial

Segundo explicou a concelleira, o Goberno local quere seguir avanzando na redución da fenda existente entre a Compos-



tela urbana e a rural. Por iso incorporáronse novos investimentos, como un vehículo rozador de 120.000 euros, sinalización no rural por 20.107 euros, paneis informativos unificados para o rural por valor de 72.000 euros e pavimentación do campo da festa de Marrozos (todas elas accións resultado do proceso de Orzamentos Participativos).

A maiores, incorpóranse investimentos que resultaron moi votados nese proceso de OP, pero que por cuestións orzamentarias quedaron fóra. Tal é o caso da ampliación da ponte en Laraño e de obras de abastecemento en Figueiras por valor de 140.000 euros.

Entre outros investimentos do rural destacan: a ampliación da ponte na Cañoteira e Outeiro de Marrozos, por valor de 212.000 euros; a obra de mellora do firme no cruce Chorente de Nemenzo a Busto, por 180.000 euros; a obra de abastecemento e saneamento nas parroquias de Figueiras, Aríns e Villestro, por 180.000 euros; e a ampliación e mellora de espazos públicos no campo da festa do Eixo, cun custo de 140.000 euros.

Compostela cultural

O Goberno municipal aposta por unha Compostela cultural. Por iso, no borrador incorpórase o orzamento de Cultura máis elevado dos últimos cinco anos, cun incremento global do 14%. Prodúcese un incremento na achega que fai o Concello ao Auditorio en 175.000 euros, o que supón un incremento dun 16% para suplir a redución doutras entidades sen minguar a oferta cultural do Auditorio.

O Executivo local cumpre coa súa promesa de reducir paulati-

namente as subvencións nominativas e faino nun 36% para este exercicio, ao mesmo tempo que se incorpora unha liña de subvencións por concorrencia competitiva para desenvolver actividades culturais.

Compostela verde

Ademais, apóstase pola Compostela verde, cunha proposta de orzamento superior nun 10,5% ao ano pasado, sendo o orzamento máis elevado dende o 2009. Entre as actuacións a levar a cabo destacan: o parque infantil Outeiro do Sar, por 145.200 euros; a instalación de cubertas en catro parques infantís, por 200.000 euros (ambas de Orzamentos Participativos); a renovación do parque infantil Pablo Iglesias (Vite), por 80.000 euros; a senda peonil no río Sar Viso-San Lázaro, por 50.000 euros (EDUSI); e a senda peonil no río Sar Rocha-Vidán, por 50.000 euros (EDUSI).

Renovarase o alumeado público por un importe de máis de 1.700.000 euros (1,5 IDAE, 100.000 Orzamentos Participativos, 150.000 euros outros investimentos), o cal permitirá renovar alumeado público de forma máis respectuosa co medio ambiente e coa redución na emisión de medio millón de toneladas de CO2 en dez anos, ademais do aforro enerxético de máis de 200.000 euros que supón ao ano.

Tamén se incorpora nos orzamentos unha partida de 80.000 euros para o novo prego dos RSU, apostando pola compostaxe. No relativo á EDAR, inclúese unha partida de 70.000 euros para o 2017, sumada aos 70.000 do 2016, para o caso no

que o resto de administracións queiran apostar igualmente por este investimento.

Investimentos ecosociais

A partida en investimentos suma un total de 10.044.065,30 euros que se destinarán, fundamentalmente, aos proxectos resultantes do proceso de orzamentos participativos e da EDUSI, cuxos proxectos foron consensuados cos grupos da oposición mediante a enquisa de priorización enviada.

Entre as propostas da EDUSI destacan dúas fundamentais para Compostela, demandadas ademais pola veciñanza dende hai anos: as obras en Castrón Douro e Batalla de Clavijo, orzamentadas en 625.000 euros para o 2017 e 500.000 euros, respectivamente.

Destaca outro investimento de marcado carácter ecosocial como é a mellora de accesibilidade na rúa Triacastela. Tamén se incrementa a partida destinada a reparación de edificios educativos nun 15%, ata un total de 460.000 euros, e proxéctanse obras de reforma do Estadio de San Lázaro por 763.000 euros, grazas a un convenio coa Federación Galega de Fútbol.

No eido educativo, procederase á reforma do alumeado no Campo do Lamas de Abade, por 95.000 euros; continúaase co plan de reforma de parques infantís de colexios, incorporando orzamento para reformas en catro parques de 53.000 euros; e apóstase pola senda peonil no campus educativo do Lamas de Abade, por 60.000 euros e pola mellora dos accesos no mesmo recinto por valor de 136.084 euros, ambas resultado do proceso de Orzamentos Participativos.

En marzo ábrese o proceso de admisión nas escolas infantís municipais

A Xunta de Goberno aprobou os prazos de admisión e matrícula nas escolas infantís municipais de Conxo, Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, para o próximo curso 2017-2018. O prazo de presentación das solicitudes para a renovación de praza ou traslado será do 1 ao 10 de marzo, mentres que as solicitudes de novo ingreso haberá que presentalas entre o 15 de marzo e o 17 de abril.

Entre o 2 e o 10 de maio farase pública a lista provisional de admitidos e lista de agarda, e a relación definitiva coñecerase entre o 25 de maio e o 31 de maio. O prazo de matrícula será do 1 ao 15 de xuño. Os prezos que deberán pagar os usuarios serán os establecidos no Decreto 49/2012 do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Concellería de Traballo e Benestar.

A Asociación de Municipios do Camiño de Santiago celebrará en Compostela a súa próxima Asemblea Xeral

A Asociación de Municipios do Camiño de Santiago celebrará a súa próxima Asemblea Xeral en Compostela, o venres 6 de outubro. Foi un dos acordos adoptados pola Xunta Directiva da entidade, que se celebrou na localidade palentina de Carrión de los Condes, coa asistencia do alcalde de Santiago, Martiño Noriega.

Na xuntanza acordouse iniciar o procedemento de contratación das actividades de asistencia administrativa e técnica necesarias para o normal e completo funcionamento da Asociación, e para a elaboración dos seus plans, programas e acordos. O contrato, para o período 2017-2020, terá un tipo de licitación de 640.000 euros.

A Mesa dos alcaldes traballa sobre o transporte metropolitano coa Xunta, a par do proceso de construción da futura Área

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, reuniuse este martes cos seus homólogos nos concellos de Culleredo (Julio Sacristán), Oleiros (Ángel García Seoane), Sada (Benito Portela), Carral (José Luis Fernández Mouriño), Abegondo (José Antonio Santiso) e Betanzos (Ramón García), así como coa mandataria local de Bergondo (Alejandra Pérez) e representantes municipais de Cambre e Arteixo. Foi dentro dunha nova xuntanza da denominada

Mesa dos alcaldes e alcaldesa da comarca na que, entre outras cuestións, decidiuse, por unanimidade, continuar co proceso de construción da Área Metropolitana, tal e como estaba previsto, abordando, en paralelo, a cuestión relativa ao transporte metropolitano. De feito outro dos acordos alcanzados por total consenso pasa por “abordar todo o proxecto do transporte metropolitano de forma bilateral coa Xunta”.

Ao fío, dende o Concello da Coruña solicitarase unha xuntanza coa conselleira de Infraestruturas da Xunta de Galicia, Ethel Vázquez, na que tamén estean presentes o resto de concellos da área. “Nesa xuntanza levaráselle unha proposta á conselleira para incluír a técnicos da propia Xunta na Mesa do Transporte Metropolitano, de cara a

poder ir traballando este asunto de forma conxunta”, explicou Ferreiro. “O que quedou claro é que todo isto non supón parar en ningún xeito a nosa axenda de cara á construción dunha Área Metropolitana real, senón que se trata de traballar os asuntos en paralelo, para que o deseño final desa mobilidade e transporte poida ser xa posto en marcha na nova área”, insistiu o primeiro edil coruñés. “Estamos nun momento que coincide no tempo coa caducidade das concesións de transporte metropolitano, competencia neste caso da Xunta. O outro día, na reunión que mantiven co presidente autonómico, este manifestou tamén o seu interese en que houbera un consenso na área metropolitana. Creo que é necesario deseñar o transporte nesta zona como un conxunto. A Área debe ser comprendida como unha unidade, conformada por múltiples concellos, que debe contar cunha rede de transporte. Só así poderemos xerar unha alternativa real ao transporte privado”, opinou Ferreiro.

Estratexia Metropolitana e Mesa Metropolitana do Turismo

Noutra orde de asuntos, e entregado xa o primeiro informe da comisión de xuristas da UDC con respecto á conformación da Área Metropolitana, solicitado dentro



dos traballos para a creación dunha lexislación propia para esta futura entidade, o Concello procederá a unha segunda encarga, neste caso un informe sobre “o marco europeo de gobernanza metropolitana”, comparando os distintos modelos, así coma os seus soportes normativos. Este documento permitirá organizar o debate político da Mesa de Alcaldes e Alcaldesa arredor das competencias, a estrutura, a gobernanza, e o financiamento da futura Área Metropolitana.

Por outro lado, e con respecto

ao documento de Estratexia Metropolitana que se está a elaborar, a Mesa acordou, tamén de xeito unánime, aprobar unha prórroga até o día 7 de marzo para facilitar as súas aportacións aos concellos que aínda non fixeron achegas ao texto. O Goberno local fará extensiva esta prórroga ao resto de grupos municipais da Corporación, que de momento non realizaron ningunha proposta malia a que se lles ofreceu esta posibilidade hai xa meses. A folia de ruta marcada pasaría por, unha vez pechado o documento de Estratexia Metropoli-

litana, iniciar un proceso de exposición pública e participación.

Ademais, a e os representantes municipais acordaron que a Mesa Metropolitana sobre a Ría do Burgo e a Bacia do Río Mero pase a denominarse Mesa da Conservación da Natureza e a Biodiversidade, de cara a ampliar o seu espectro de actuación, así como crear unha nova Mesa Metropolitana dedicada ao Turismo, a Economía e o Emprego, na que, entre outras cuestións, se aborden tamén as preocupacións comúns en torno ao aeroporto de Alvedro.

Conferencia de cidades do arco atlántico

A Coruña acolleu os días 10 e 11 de febreiro a Conferencia de Cidades do Arco Atlántico. A primeira xornada, que se desenvolveu no Palexco, serviu para presentar as bases da Declaración da Coruña, “o documento marcará as liñas de cooperación dos municipios atlánticos” e que se asinou o sábado 11 no Buró Executivo da Conferencia de Cidades do Arco Atlántico celebrado no Pazo de María Pita. “No contexto no que estamos a analizar as consecuencias do Brexit, e no que a Unión Europea vira cada vez máis cara ao leste, as localidades do arco

atlántico debemos poñer en valor as potencialidades da parte máis occidental de Europa e os intereses comúns que temos”, expuxo o alcalde da Coruña. “O obxectivo deste Buró será preparar a Asamblea Xeral da Conferencia, que terá lugar nas próximas semanas, e onde tanto o seu Presidente coma este Goberno procuraremos que se relance para que o Arco Atlántico se transforme nun actor principal dentro da política europea”, dixo.

Así, na Declaración da Coruña as cidades atlánticas avogan pola cooperación “e o compromiso de compartir unha mesma visión de

Europa e dos desafíos que esta ten por diante”, segundo explicou o primeiro edil coruñés. “A intención é salientar a importancia de fomentar políticas de cohesión como ferramenta fundamental de desenvolvemento, así como solicitar a revisión da Axenda Urbana Europea para que os programas urbanos ofrezan facilidades de acceso ás cidades medias ou con características xeográficas específicas, que é o denominador común das que pertencemos a esta Conferencia”, afirmou Ferreiro. Nesta liña tamén se pronunciou o alcalde de Viana de Castelo e presidente da Conferencia, José María da Cunha Costa, quen incidiu na importancia que entre as cidades da área atlántica “haxa unha maior cooperación e unha mellor interrelación”.



Os encontros celebrados o venres tiveron como eixes estratéxicos a idea de participación e dereito á cidade, o desenvolvemento urbano sostible e da auga como dereito e factor para o de-

senvolvemento dos municipios. Neste sentido, o alcalde salientou o compromiso do Goberno local coa xestión pública do ciclo integral da auga e co futuro do borde litoral da cidade.

Galicia

Redacción A CORUÑA

Sergio Sánchez e Adela Villa gañan a novena edición do medio maratón Coruña21, que se desenvolveu nun ambiente festivo e lúdico



Máis de 1.740 participantes tomaron a saída da proba, que se celebrou entre Oza e Os Pelamios

Tivo lugar na Coruña a novena edición do Medio Maratón Atlántica Coruña21, proba de 21.097,50 metros que se celebrou entre Oza e Os Pelamios, e cuxa

meta e saída estivo situada no Obelisco. Na carreira, que se desenvolveu con normalidade, participaron 1.741 deportistas maiores de 18 anos. Na categoría absoluta masculina, o atleta leonés Sergio Sánchez proclamouse ganador cun tempo de 01:03:28, seguido de Pedro Nimo (1:06:38) e de David Santos (1:07:36). No caso da categoría feminina, a asturiana Adela Villa, cun tempo de 1:20:33, foi a vencedora. Completaron o podio Raquel Suárez (1:21:23) e Rocío Alvite

(1:22:21). Nesta edición, de carácter inclusivo e na que tamén participaron cinco atletas en cadeira de rodas, Iván Montero foi o ganador da categoría de handbike, cun tempo de 52.04.

O concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, participou na entrega de trofeos e salientou o carácter “aberto e festivo” da proba, na que algúns participantes portaron disfraces, “unha feliz coincidencia coas datas co Entroido”. O edil incidiu na convivencia “entre o

compoñente profesional” dun medio maratón e “o espírito lúdico e festivo” das carreiras populares da Coruña, “que favorecen a vertente saudable e

integradora do deporte, e que fai que este tipo de probas teñan maior aceptación entre a veciñanza”. Neste sentido, o responsable municipal valorou positivamente que o Medio Maratón Atlántica tivera un 12,5 % de participación feminina, e agarda “seguir avanzando” nesta liña, “e que cada vez máis mulleres formen parte deste tipo de com-

peticións, como xa sucede noutras disciplinas”.

O desenvolvemento da carreira estivo acompañado dun dispositivo especial de tráfico no centro da cidade, que obrigou a realizar cortes puntuais e desviar o tráfico que, desde as 12.45 horas, está restablecido en todo o trazado do circuíto e, desde as 14.00 horas, na zona da meta.



Nova ferramenta para visualizar o destino dos impostos, no portal de transparencia

O portal municipal de transparencia (www.coruna.gal/transparencia), posto en marcha este ano no obxectivo de facilitar o coñecemento da veciñanza da xestión e actuacións do Goberno local e da administración local, vén de ampliarse coa incorporación dunha nova pestana, que permite ás persoas usuarias visualizar o destino e distribución do diñeiro que achegan ás arcas municipais a través dos seus impostos. A ferramenta, dispoñible dentro da sección sobre Rendición de Contas do portal baixo o epígrafe ‘O que ti achegas’, ofrece, a partir dun cuestionario personalizado sobre as principais cargas fiscais municipais da persoa que o consulta, un reparto detallado do destino ao que van eses impostos, distribuído por áreas que á súa vez poden consultarse de forma máis pormenorizada despregando as distintas subcategorías.

Esta ferramenta foi desenvolvida froito da colaboración coa Fundación Cívica, unha organización sen ánimo de lucro que traballa con administracións públicas de todo o Estado pola transparencia informativa e a apertura dos datos a través da tecnoloxía, no obxectivo de que o Concello poida render contas ante a cidadanía.

Melloras no estanque de Eirís

A concelleira de Medio Ambiente, María García, achegouse esta mañá ao parque de Eirís, onde veñen de finalizar os traballos de mellora no estanque, impulsados co obxectivo de rematar cos problemas de mantemento e limpeza que sufría pola falta de rexeneración das súas augas e para transformalo nun pequeno hu-

midal urbano, para facilitar a vida das distintas especies animais e vexetais deste hábitat.

O Concello investiu 21.646 euros no proxecto, a primeira actuación que se acomete no estanque desde 2003, e que consistiu na instalación de tres dispositivos de bombeo sumerxidos para facilitar a circulación da auga e a naturali-

zación do espazo, ademais da creación de pequenas fervezas verticais e outras actuacións sobre as especies vexetais da contorna do estanque, para facer máis coherente a transición co resto do parque e conseguir un espazo máis congruente co ecosistema. A intervención completárase co cambio de ubicación do peche do estanque e coa instalación de carteis informativos sobre as especies que o habitan na zona.



A alcaldesa acada o compromiso de Feijóo de non "deixar descolgado" a Lugo

Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, acadou o compromiso do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, de non "deixar descolgado a Lugo" na xuntanza que mantiveron en Santiago.

A rexedora, que definiu a reunión como "intensa", entregoulle ao presidente o mesmo dossier que en agosto de 2015, "pois as demandas e reivindicacións feitas polos veciños e veciñas de Lugo non están realizadas na inmensa maioría". En canto a infraestruturas, "entendendo que son imprescindibles para a evolución dunha cidade e que fan país", a Alcaldesa puxo enriba da mesa a Intermodal, que no ano 2012 tiña un proxecto, comprometido polo propio Ministerio, e que se rescindiu, aínda co compromiso da Xunta de seguir avanzando nela. "Queremos que sexa unha realidade, para non quedar illados, e seguir así promovendo a chegada a Lugo do AVE," subliñou a rexedora.

O Plan Paradai foi outro dos temas comentados na reunión, "un plan que xa cumpriu a maioría de idade, máis de 18 anos dende o seu inicio e que aínda non está acabado". Neste punto, Feijóo trasladoulle á rexedora a intención de impulsar novos treitos, que a Xunta deberá concretar urbanisticamente. Así mesmo, no encontro falouse da dotación do barrio da Residencia. "Queremos eses compromisos adquiridos por parte da Xunta de Galicia, como o PAC ou un centro de saúde" subliñou a rexedora, quen lembrou a xuntanza no día de onte para instalar unha comisaría de Policía no Vello Xeral, de carácter partidista e non institucional.

Sanidade

No referente ao eido sanitario, Lara Méndez reivindicou unha vez máis Hemodinámica 24 horas, e en temas de benestar, "a tan necesaria residencia de terceira idade", posto que Lugo leva 40 anos sen unha residencia pública. A rexedora lembrou que o pasado ano, o Concello puxo a disposición da Xunta 7 parcelas para esa ubicación,



Lara Méndez co presidente Alberto Núñez Feijóo, en Santiago.

pendente dunha contestación da ubicación por parte da Xunta. Nesta liña, Feijóo avanzou a intención da administración autonómica de presentar nas vindeiras semanas un Plan Director para que Lugo teña residencia de maiores. Entre outras cuestións, Lara Méndez esixiu máis prazas públicas de gardería, irrenunciábeis polo que supón en termos educativos e sobre todo, de conciliación, e trasladoulle ao presidente dos galegos, e tamén dos lugueses, a preocupación do Goberno lugués por dinamizar emprego, e de dotar de servizos básicos aos veciños e veciñas do rural, como o saneamento, para o cal pediu colaboración coa administración autonómica.

Educación

Xa no referido ao educativo, a alcaldesa amosou a vontade de finalizar os axustes necesarios para conceder a licenza para que a Xunta comece máis cedo que tarde coa obra de ampliación do colexio das Mercedes

e do Sagrado Corazón. Así mesmo, coas licenzas para que a Xunta continúe coa rehabilitación da Tinería. Por último, en canto ao Auditorio, e tras a suxerencia de Feijóo de non cobrar o imposto de bens inmobles ao hospital e aos centros de saúde no termo municipal, a rexedora luguesa comprometeuse a estudalo, co obxectivo de poñer en funcionamento o Auditorio.

Para Lara Méndez coa xuntanza comeza "unha etapa nova", e cree que este mandato será "no que os lucenses lle poderemos dar as grazas ao presidente por unha colaboración entre ambas administracións, necesaria, e que redundará nos e nas lucenses". Para rematar, a rexedora parafraseou ao propio presidente, quen admitiu que Galicia non quere ser máis nin pode ser menos con respecto a España, trasladando a afirmación a Lugo, que non quere ser máis que ningún outro galego, pero que tampouco non quere ser menos.

Dispositivos sonoros en 91 pasos de peóns

O concelleiro de Educación e Infraestruturas Urbanas, Manuel Núñez, informou de que o Concello instalou 91 dispositivos sonoros no mesmo número de pasos de peón. Recentemente, a entidade local colocou uns novos dispositivos deste paso de peóns situado no cruzamento entre as rúas Anxo López Pérez e Bispo Aguirre. Ademais, xa dispoñen deste sistema, os cruces da Rolda da Muralla, Rúa San Roque, Praza Conde Fontán, Avenida da Coruña, Camiño Real, Rúa Tui, Rúa dá Milagrosa, Avenida de Madrid e Glorieta Irmáns Pedrosa, entre outros. A maiores, xa se cursaron instrucións para modificar as levedas e mensaxes dos semáforos dado que se cambiou o rueiro. O Concello decidiu, sempre contando coa opinión dos colectivos sociais, instalar estes dispositivos de sinalización acústica con emisión de mensaxe de voz gravado, e con volume axustable, evitando así as posibles molestias á cidadanía.

Estas actuacións, nas que xa se investiron máis de 105.000 euros, levan a cabo a través do convenio entre o Concello, o IMSERSO e a Fundación ONCE, co que se realizan distintas tarefas de accesibilidade na cidade.

Estes traballos súmanse a outros realizados pola entidade local e responden á decidida aposta do Goberno municipal para conseguir unha accesibilidade universal, pola igualdade de oportunidades, da dignidade das persoas e da autonomía da cidade, co fin de facela máis integradora. Neste sentido, Lugo conseguiu a mención especial por Smart City nos premios europeos de accesibilidade Access City Award, ademais foi Destino Turístico Accesible e Premio Reina Sofía de Accesibilidade.

A colleita de viño do 2016 cualificada como moi boa

Na Casa Grande de Rosende do Concello de Sober (Lugo), pertencente á subzona de Amandi, tivo lugar a cata de cualificación da colleita de 2016 da denominación de orixe Ribeira Sacra. Os expertos catadores que proceden de diferentes organismos e asociacións de Galicia e do resto de España, outorgaron unha puntuación de 7,5 cualificando así a colleita de 2016 de "moi boa". Esta cualificación é unha gran noticia para

o conxunto de adegas que forman a denominación de orixe e enxalza a calidade dos viños que se elaboran baixo o amparo da Ribeira Sacra confirmando así o bo facer das adegas e viticultores que integran a denominación.

O panel de cata estivo formado por nove catadores: José María Martínez Alonso, membro do Panel de Cata del Consello Regulador; Alfonso Losada Quiroga, Experto en viticultura e enoloxía; Juan Á. Fernández Martínez,

membro do Panel de Cata del Consello Regulador; Mikel Ceborio, da Asociación de Sumilleres de Navarra; Antonio Raluy Rodríguez, membro do Panel de Cata del Consello Regulador; José Seoane, xornalista especializado; Iria Otero Mazoy, da Asociación de Sumilleres Gallaecia; José Ángel Lamas Peteiro, da Asociación Vitislucos – Expertos en Análisis Sensorial e Maribel Gómez Soriano, da Asociación Gallega de Enólogos.

Os comentarios dos catadores que formaron parte do panel de cata foron moi positivos, e auguran un gran futuro aos viños desta colleita. Un dos integran-

tes, Mikel Ceborio, membro da Asociación de Catadoras de Navarra, destaca que puido catar viños xa moi ben terminados, listos para ser consumidos; moi ben elaborados e completos. A recollida de mostras comezou o pasado 9 de febreiro polos técnicos do Consello Regulador, que recolleron un total de dez mostras de dez adegas diferentes,



Cata celebrada en febreiro de 2017.

dúas por cada unha das cinco subzonas que integran a denominación orixe Ribeira Sacra.

Feira da uva de Amandi

www.concellosedosober.com

SOBER
8 e 9
de abril

Festa de Interese Turístico



galicia

XUNTA
DE GALICIA



GADIS

//ABANCA



CaixaBank

Sober celebra o Mes de Amandi, previo á Feira do Viño

Haberá unha cata comentada para mulleres embarazadas, xornada de maridaxe de viño con castaña de Galicia e xornada técnica.

O Goberno local do Concello de Sober presentou no miradoiro de Pena do Castelo os actos que conforman o denominado Mes do Amandi e o cartel anunciador da XXXVII Feira do Viño de Amandi, obra do monfortino José Carlos Quiroga Losada.

Este ano a feira estará dedicada ao veciño Concello ourensá de Nogueira de Ramuín. A primeira das actividades foi a presentación, nun dos lugares emblemáticos do Concello, desde o que se ven boa parte das viñas dos adegueiros, do Mes do Amandi, así como do cartel anunciador. Ao remate do acto houbo unha degustación de viño de Amandi para os adegueiros presentes. O mesmo día no Centro Sociocultural ofreceuse un concerto de piano a cargo da pianista malagueña Esperanza Martín López. A actuación servirá para estrear o novo piano de cola adquirido polo Concello de Sober. Ao remate tamén se brindou con viño de Amandi.

Mes de Amandi

O seguinte dos actos programados no marco do Mes do Amandi será o día 16 de marzo. Entre as 12:00 e as 14:30 horas haberá unha xornada de maridaxe de viño de Amandi con castaña de Galicia na Escola de Hostalería de Rosende. Na xornada colaboran a Escola de Hostalería da Fundación Belarmino Fernández e a

Indicación Xeográfica Protexida (I.X.P.) Castaña de Galicia. O sábado 18 de marzo ás 12:00 horas no Centro Sociocultural farase a presentación da Asociación de Apicultores da Ribeira Sacra, que terá a súa sede en Sober. Ao remate do acto haberá unha degustación de mel e produtos apícolas da Ribeira Sacra.

Un dos actos máis curiosos do Mes do Amandi é a cata comentada de viños de Amandi para mulleres embarazadas. Vaise celebrar

contos" da Biblioteca pública Municipal visitarán a viña municipal dos Chancís para coñecer diversos procesos no coidado dos viñedos. A saída farase ás 18:00 horas da Praza do Concello. O sábado 1 de abril ás 11:30 horas no Centro Sociocultural celebrase a xornada "A imaxe dos viños" (A importancia do etiquetado. Deseño, normativa, tendencias e ferramentas) que vai dirixir Vinosacra. O xoves 6 de abril de 09:00 a 14:30 horas o



o 25 de marzo ás 12:00 horas no Centro Sociocultural e será dirixida por Humberto Loureiro.

O venres 31 de marzo os participantes nas "Merendas con

Centro Sociocultural acollerá a xornada técnica "Estratexias de control do Mildeu na vide" organizada pola Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia.



Presentación do Mes de Amandi e do cartaz da Feira do Viño na Pena do Castelo, sobre o río Sil.

Feira do Viño

En canto á XXXVII Feira do Viño de Amandi, o programa de actos será o seguinte: Sábado 8 de abril ás 11:30 horas: Disparo de bombas de palenque que anuncian o inicio da XXXVI Feira do Viño de Amandi.

nal do AGADIC. Ás 17:30 horas: Comezo da precata oficial na sala de catas do Centro Sociocultural. Ás 18:30 horas: Concerto da Banda de Música de Sober. Ás 22:30 horas: Actuación musical. Ás 00:00 horas: Actuación de Gin Toni's. Domingo 9 de Abril. Ás 10:30 horas: Disparo de 24 bombas de palenque (1 por cada colleiteiro participante). Ás 10:45 horas: Actuación da charanga NBA. Ás 11:00 horas: Pasarrúas coa Banda de Música de Sober. Ás 11:30 horas: Comezo da cata oficial na sala de catas do Centro Sociocultural de Sober. Ás 11:30 horas: Misa solemne coa bendición de Ramos, na Igrexa de Sober. Ás 12:30 horas: Recepción de autoridades na Casa do Concello. Ás 13:00 horas: Pregón. Ás 13:30 horas: Entrega de premios ós adegueiros. Ás 17:00 horas: Actuación da charanga NBA. Ás 19:30 horas: Baile coa orquestra Trebol. A programación complétase con dúas exposicións. Unha delas, do 8 ao 30 de abril no Centro Sociocultural de Sober onde estarán expostos os traballos presentados ao concurso de carteis da XXXVII Feira do Viño de Amandi e os debuxos presentados ó III Certame de debuxo infantil.



Galicia

Redacción LUGO

O PP pide que se arranxe o socavón fronte ao edificio multiusos



Edificio multiusos de Monforte.

O Grupo Municipal do PP levará ao vindeiro Pleno un rogo no que solicitarán que o equipo de Goberno arranxe “á maior brevidade posible” o socavón que hai fronte ao edificio multiusos, que dificulta o acceso ao edificio pola rampla de entrada e á praza de estacionamento de discapacitados.

Dende o PP recordan que esta mesma petición xa foi levada á sesión plenaria de febreiro do 2016 e lamentan que “despois de un ano non se fixera nada para solucionalo”.

A voceira dos populares, Julia Rodríguez, precisa que “dende hai algún tempo apréciase no firme da Rolda María Emilia Casas Baamonde, á altura da fachada do edificio multiusos, unha zona onde o terreo está cedido lixeiramente, probablemente como consecuencia da saída de augas

pluviais do citado edificio que verten directamente nese punto da calzada”. Rodríguez apunta que “ao estar colmatada a canle pola que deberían discorrer estas augas, quedan estancadas no punto de saída, estendéndose paralelamente á beirarrúa e provocando non só un lixeiro afundimento do terreo, senón un charco permanente na zona en época de choiva”.

Esta situación provoca que o estacionamento reservado para persoas discapacitadas, do que fan uso de modo habitual as asociacións que desenvolven as súas actividades no multiusos, así como a rampla de acceso á beirarrúa, se atopen anegadas por esta circunstancia ao atoparse moi próximas ao tubo de saída das augas pluviais do edificio.

Augas pluviais

Os populares lamentan esta si-

tuación, “que xera molestias e dificultades de accesibilidade aos usuarios desa praza”. Ademais, aseguran que “tal afundimento non pode ser reparado en tanto non se recollan as augas que verten sobre a rúa, posto que non se pode reparar o firme sen antes eliminar a causa que provoca o afundimento do vial”.

Por este motivo a voceira popular pídelles ao equipo de Goberno que “á maior brevidade posible se adopten as medidas necesarias para corrixir este problema”. Deste xeito dende o PP piden, concretamente, que se canalicen cara un sumidoiro as augas pluviais do edificio multiusos, “que verten directamente sobre a rúa, provocando o afundimento do seu firme, ao fin de poder reparar o desnivel que alí existe e que afecta a moitos usuarios”.

O PP de Monforte denuncia a falta de mantemento da estación de tratamento de augas

O PP na corporación municipal de Monforte denuncia a falta de mantemento e da implantación de procesos por parte do Concello na ETAP de Ribasaltas. Así, desde Aguas de las Cuencas de España (Acuaes) téñenlle feito unha serie de advertencias ao Goberno local para corrixir determinadas prácticas que non están a ser as adecuadas.

A voceira do PP, Julia Rodríguez, lamenta que o alcalde estea a levar a cabo esta nefasta xestión, tendo en conta que se ten feito un importantísimo investimento nunha nova planta de seis millóns de euros. Despois de coñecer o informe emitido por Acuaes, os populares anuncian que pedirán o plan de explotación e o detalle dos custos que está a soportar o Concello. Para a voceira do PP, esta situación evidencia, unha vez máis, que o Concello non lle esixe á concesionaria Aqualia que cumpra coas súas obrigas, como sería o plan de actuación e o correcto funcionamento da potabilizadora. “Seguen instalados na mesma actitude pasiva proponendo un acordo que era beneficioso para a empresa e deixando que a instalacións se deteriorasen sen sacarlle todo o rendemento que ofrece”, sinala.

Incidencias na ETAP

En concreto, en outubro de 2016 nunha reunión á que asistiu o rexedor monfortino, desde Acuaes comunicóuselle ao Concello que, tras realizar visitas de inspección ás instalacións para comprobar o seu estado, o seu mantemento e operación, detectáronse varias incidencias na ETAP de Ribasaltas que evidenciaban un mantemento inadecuado dos equipos e unha operación indebida dos procesos de tratamento. Estas deficiencias na xestión da ETAP, tal e como precisou Acuaes, repercuten negativamente na explotación

de instalación, acurtan a súa vida útil e impiden que a auga tratada alcance a calidade que a planta podería proporcionar de estarse a utilizar de xeito correcto todos os procesos dispoñibles. As incidencias que se detectaron foron enviadas ao Concello a través dun informe no que se diferenciaban tres grupos de problemas atendendo á súa natureza: degradación dos aceiros inoxidables, procesos de tratamento inhabilitados e defectos en varios equipos da ETAP. A primeira das deficiencias ten que ver coa oxidación de boa parte dos aceiros inoxidables da planta. Desde Acuaes indicáronlle ao Concello que a reparación deste defecto detectado lle corresponde ao responsable da explotación da ETAP, é dicir, ao Goberno local. O segundo grupo de deficiencias ten que ver con que varios dos equipos asociados aos procesos principais de tratamento non están a ser utilizados. A remaneralización nunca se utilizou e non se usou a ozonización desde había meses, polo que se estaba a subministrar auga de peor calidade do que a planta sería capaz de producir. Acuaes chama a atención sobre o feito de que na visita ás instalacións se pode comprobar que non só falta o tanque de osíxeno, senón que se retirou o gasificador e o resto da instalación, o que non parece indicar que a decisión de deixar de empregar o proceso de ozonización sexa temporal. O último grupo de deficiencias detectadas por Acuaes e comunicadas ao Concello ten que ver cunha presenza insuficiente de persoal de explotación que ten como consecuencia que varios equipos levaran tempo avariados, sen ter sido reparados, o que demostra unha falta de medios suficientes para realizar de forma correcta a explotación da instalación.

Visita de conselleiros a Monforte

O Grupo Municipal do PP de Monforte organizou a visita á cidade do Cabe dos conselleiros de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde; e do de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez que se desprazaron ata o Convento de Santa Clara e o Colexio de Nosa Señora Antiga.

Francisco Conde e Román Rodríguez achegáronse ao Convento de Santa Clara e o Colexio de Nosa Señora Antiga de Monforte de Lemos, dous bens emblemáticos do patrimonio cultural monfortino. Ámbolos dous responsables do Goberno galego, así como o Grupo Municipal do PP, interesáronse polo estado dos edificios, así como polas súas necesidades. Así mesmo realzar os valores arquitectónicos e artísticos destes dous espazos, que se suman á nutrida lista de bens patrimoniais e culturais senlleiros sitos en Monforte de Lemos e, en xeral, na Ribeira Sacra.

O Colexio de Nosa Señora Antiga é un dos principais expoñentes da arquitectura renacentista en Galicia, calidade que se suma ao valor das obras que alberga a súa pinacoteca, entre as que se atopan cadros de El Greco, Francisco Pacheco e Andrea del Sarto. Respecto do Mosteiro de Santa Clara, cómpre salientar o seu claustro de sillares labrados, ademais da historia do mesmo. Fundado no ano 1622 por Catarina de la Cerda y Sandoval, esposa do VII Conde de Lemos, o seu mecenado influíu de forma determinante no legado que ambos os dous deixaron ao que hoxe é o Museo de Arte Sacro do convento. A exposición alberga, de feito, a colección máis importante de arte italiano do primeiro terzo do século XVII que hai en Galicia, así como esculturas do obradoiro de Gregorio Fernández, expoñente da Escola Castelá do século XVII, e relevantes pezas de ourivería do Renacemento italiano, entre outras valiosas pezas.

O cartaz de José Carlos Quiroga Losada anuncia a XXXVII Feira do Viño de Amandi

O xurado do certame para escoller o cartel anunciador da XXXVII Feira do Viño de Amandi elixiu, por unanimidade, o traballo de José Carlos Quiroga Losada, veciño da parroquia de Gullade, de Monforte de Lemos. O xurado estivo formado por Humberto Loureiro Argullos, Doa Ocampo Álvarez e Alejandro José Ciurluini.

Os membros acordaron tamén conceder un accésit como finalistas aos carteis de Ana Santiso Vilar de Sistindomato, na parroquia soberina de Canaval e a Edith Nieves Sánchez, da Estación no Concello da Pobra de Brollón.

O gañador do primeiro posto recibirá un premio en metálico de 600 euros. Os accésit contarán con 100 euros e cun diploma e un lugar destacado na exposición que se faga con todos os traballos. O xurado destacou o nivel dos 38 traballos presentados, chegados de toda España.

A feira do Viño de Amandi foi promocionada en febreiro en Ex-



Brinde con viño de Amandi en Xantar 2017.

pourense con motivo de Xantar. No stand do Concello de Vila de Cruces, os alcaldes das dúas localidades, e outras autoridades, brindaron con viño da subzona de Amandi. Outras subzonas da Ribeira Sacra son: Chantada, Quiroga Bibei, Ribeiras do Miño e Ribeiras do Sil con un total de 96 adegas.

Na edición deste ano da Feira do Viño de Amandi, que se cele-

bra en Sober, a finais de febreiro confirmaran a súa presenza 25 adegas. Este ano o concello convidado será o de Nogueira de Ramuín (Ourense) limítrofe con Sober, mentres que a inauguración da XXXVII Feira do viño de Amandi correrá a cargo de Adegas Mezquita de Carballeda (Lobios) en homenaxe a seu fundador Pedro López, falecido recentemente.

I certame de talla en madeira con motosierra en Sober

O Concello de Sober vén de convocar a primeira edición do certame de talla en madeira con motosierra, que se enmarca dentro da extensa programación da XXXVII edición da Feira do Viño de Amandi, que se dará a coñecer no miradoiro da Pena do Castelo o día 4 de marzo.

O alcalde soberino, Luís Fernández Guitián, apuntou que “dende o Concello esforzámonos en cada edición da Feira do Viño de Amandi por crear novas iniciativas que atraian ao maior número de visitantes e dean a coñecer os nosos recursos”. Deste xeito, precisou o rexedor, “pareceunos unha magnífica idea a posta en marcha deste orixinal certame con demostracións dun oficio en vivo”. Guitián avanzou que os traballos faranse ao aire libre na Praza do Concello entre os días 1 e 7 de abril. “Será condición indispensable que as pezas reflectan algún valor da Ribeira Sacra, relacionado coa viticultura, a paisaxe, ou o turismo, por exemplo”, indicou. O Concello porá a disposición dos participantes un tronco de madeira de castiñeiro para deseñar as creacións.

Os interesados e interesadas deben formalizar a súa inscrición entre o 20 de febreiro e o 20 de marzo. Poderán facelo no Concello ou a través do correo info@concellosober.com. No momento de anotarse deberán indicar as necesidades técnicas que teñen para realizar o seu traballo. O domingo, 9 de abril, daranse a coñecer aos gañadores despois do pregón da Feira. Haberá tres vencedores: o primeiro recibirá un premio en metálico dotado con 300 euros; o segundo, un premio de 100 euros e o terceiro, 50 euros. Guitián anima a participar neste certame e engade que “o xurado valorará de xeito especial a relación da peza coa Ribeira Sacra e co mundo da viticultura”.

O alcalde dixo que “todos os participantes poderán ceder as pezas ao Concello para ser expostas de xeito permanente en edificios públicos municipais. No caso contrario, poderán levalas, salvo as tres gañadoras, que serán de propiedade municipal”. As pezas de propiedade municipal poderán prestarse aos autores para exposicións, sempre que así o soliciten.

Arranxada a cuberta do colexio de Sober afectada polo temporal

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está levando a cabo obras de reparación en 133 centros escolares de toda Galicia co fin de arranxar os danos provocados polo forte temporal de vento e choiva acontecido que afectou a Galicia a principios deste mes.

Estas actuacións supoñen un investimento de arredor de 1,3 millóns de euros por parte da administración autonómica, en centros públicos das catro provincias galegas, aínda que as máis afectadas foron A Coruña, Ourense e Pontevedra.

O conselleiro Román Rodríguez, desprazouse ao concello lugués de Sober, para visitar o CEIP Plurilingüe Virxe do Carme, un dos afectados polas adversas condicións climáticas de días atrás.

Realizáronse obras por un total de 35.000 euros e se desenvolveron no mínimo tempo posible. A Consellería leva investidos neste centro uns 175.000 euros en diversas melloras desde o ano 2009. Precisamente, ao abeiro do Plan de eficiencia enerxética, o curso pasado acometéronse traballos de revestimento do pavillón polideportivo, mellorouse a instalación eléctrica e colocáronse persianas de aluminio, entre outros.

Igrexa de Pinol

Posteriormente o conselleiro desprazouse á igrexa de san Vicente de Pinol, onde a Consellería prevé acometer obras de mantemento e restauración por un importe que acadará os 205.500 euros.

Actualmente estanse levando a cabo os trámites administrati-



Visita a igrexa de san Vicente de Pinol.

vos pertinentes para licitar as obras en marzo. A Dirección Xeral do Patrimonio xa elaborou un proxecto de intervención co obxecto de manter a funcionalidade e habitabilidade do templo e protexer e conservar as pinturas murais e o artesado da cuberta, que datan do século XVI. Isto require que se melloren as condi-

cións de humidade da igrexa. De acordo co recollido no proxecto, os traballos máis relevantes son a eliminación de entrada de humidade pola cuberta, polos paramentos e polo chan; e a restauración da portada e rosecón, da escaleira de acceso á espadana, das carpinterías e ferraxería e da instalación eléc-

trica e o alumeado.

Na súa visita a Sober, o conselleiro estivo acompañado do alcalde da localidade, Luís Fernández Guitián; do delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro; e da directora xeral do Patrimonio Cultural, María del Carmen Martínez Ínsua.

Piden a dimisión do alcalde do Carballiño por licitar o servizo de Recadación

Alternativa Veciñal pide a dimisión do alcalde do Carballiño, Francisco Fumega, tras a alerta do PP de que na páxina web do Concello anunciábase a saída a concurso do servizo de Recadación. Alternativa dera o seu apoio ao grupo de goberno para aprobar os orzamentos precisamente coa condición de que este servizo fóra de xestión municipal. O seu portavoz, Bernardo García, apunta que isto é "faltar á palabra".

O PP anunciaba que no perfil do contratista da web municipal estaban colgados os pregos para a adxudicación do servizo de recadación, por dous anos prorrogables por outro máis, e criticaba unha posible fraude no pacto entre PSOE e AV-Son. Pero Bernardo García mostraba a súa sorpresa ante a noticia e mesmo pedía a dimisión do alcalde por "non ter palabra".

Así mesmo, anunciou que presentará unha proposta para reducir á metade os salarios de Fumega e dos edís de Persoal e de Cultura, xa que se se privatizan servizos "terán menos carga de traballo". Bernardo García lembra que o 1 de febreiro acordaron tres puntos: reabrir emisora municipal, recuperar o servizo de Recadación e que o persoal do Concello entre por concurso selectivo sen entrevista.

En base a iso, o día 2 AV-Son votou a favor dos orzamentos de 2017, e logo decátase de que o alcalde "incumpe a súa palabra" ao aprobar o día 13 en xunta de goberno o publicar a licitación. García recibiu unha chamada de Fumega na que di García que quedaron para falar nunha reunión que contará ademais coa edil de Facenda e a interventora. Di "pedínlle que sacase da páxina web a licitación, se non pedimos a súa dimisión e a redución salarial á metade".

Ilegalidade

Apunta que o alcalde, Francisco Fumega, cobra 48.000 euros por xestionar o Concello. Explica que agora se fala de pagarlle á empresa 874.000 euros, polo que só os dous primeiros anos sáelle ao Concello en 1.060.000 euros e con este diñeiro "contrátase



Francisco Fumega, alcalde de O Carballiño.

mesmo unha banda municipal para levar a recadación e cobrar directamente aos veciños". Di que se en só dous anos a empresa cobra todo iso poida que ao terceiro xa nin lle interese. Lembra que antes se lle pagaba 380.000 euros ao ano, e mesmo con iso fíxose un orzamento que permitía ao Concello pagar persoal e contratar administrativos se facían falta para asumir a súa xestión.

Manuel Nogueira, tamén de AV-Son, detecta unha posible ilegalidade. Explica que ese acordo da xunta de goberno de sacar as bases do servizo teríase que levar a pleno, como se recolle a Lei de Bases, no que se refire á "aprobação das formas de xestión de servizos e de expedientes de municipalización".

Partido Popular

O Partido Popular no Concello do Carballiño volveu a reiterar que o Goberno municipal non cumpre o acordo alcanzado no seu día con Alternativa Veciñal para aprobar o orzamento de 2017, unha vez que saíron publicados os pregos tanto administrativo como técnico da concesión da xestión recadatoria do Concello.

Os populares volven insistir en que o Grupo do PSOE sostiña cando era oposición que dita xestión debía ser levada directamente polo propio Concello, como que niso baseouse o apoio ao orzamento do concelleiro de Alternativa Veciñal. Por iso é polo que o PP fale de "incumplimento" por parte de Francisco Fumega e de "atrevemento", pois lle lembran ao PSOE que non dispón de maioría absoluta no Concello, polo que tales decisións adóptase en minoría. "O pacto de orzamento de 2017 entre PSOE e Alternativa Veciñal evidencia unha fraude para vos veciños do Carballiño só a 10 días do pleno", conclúe respecto diso o grupo do Partido Popular.

Os populares advirten de que, cando o servizo estea adxudicado, a empresa poderá chegar, como mínimo, a 2019 xestionando a recadación, ou a 2020 se se materializa a prórroga que se contempla. Ademais de que no prego de condicións indícase que só poderá ser a concesionaria do servizo e non a parte contratante (o Concello neste caso) quen poida pedir en calquera momento a ruptura da relación contractual.

O PSdeG quiere que as empresas eléctricas paguen taxas aos concellos

Os socialistas ourensáns veñen de constituír un grupo de traballo con cargos institucionais no que se acordou impulsar unha moción e unha ordenanza-tipo para regular as taxas que se cobran ás empresas enerxéticas pola utilización de dominio público local. Refírense ás instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas e hidrocarburos, así coma ás de auga. Na reunión, tanto o secretario xeral provincial, Raúl Fernández coma o portavoz socialista na Deputación, Francisco Fraga, anunciaron que esta proposta será remitida a todos os portavoces e alcaldes da provincia como unha medida importantísima para aumentar os recursos dos concellos. A posta en marcha deste tipo de ordenanza pode supor, nunha valoración inicial, a recadación de máis de 2 millóns de euros para as arcas municipais, unha fonte financeira especialmente valiosa en tempos de crise e estrangulamento económico. A falta de cobro desta taxa está a prexudicar gravemente os ingresos do erario público xa que, segundo fallou o Tribunal Supremo, a contía para as eléctricas oscila entre os 3.000 e os 12.000 euros por metro lineal, segundo o tipo de tensión, no caso dos tendidos de luz. A estes aspectos máis técnicos fixo referencia o alcalde socialista de Amoeiro, Rafael Rodríguez Villarino, quen explicou a necesidade de valorar todo o dominio público que

está a ser aproveitado por este tipo de empresas, dende o tipo de chan ata o tipo de liña, se hai aproveitamento aéreo, de subsolo ou por canalización. Á hora de implementar estas ordenanzas cómpre valorar os metros que hai de ocupación e para isto é necesario que se faga un informe económico e técnico moi rigoroso, para o cal os concellos precisarán asistencia.

Sentenzas

Pola súa banda, Francisco Fraga, fixo fincapé no fito que supoñen as sentenzas favorables aos concellos que xa puxeron en marcha este tipo de ordenanzas, tales coma Arteixo ou Serradilla, ao respaldaren unha medida que pon a énfase en gravar o aproveitamento do dominio público que fan a empresas con ánimo de lucro, evitando que sexan sempre os cidadáns os que sufragan os ingresos municipais. Porén, o Portavoz socialista, puxo énfase na necesidade de coordinar a posta en marcha desta iniciativa e asegurarlle aos concellos da provincia o necesario asesoramento técnico á hora de redactaren os preceptivos informes para as ordenanzas. Para isto, engadiu, "é necesaria a colaboración institucional, dende a Deputación, a FEMP, así coma a administración autonómica e estatal". A medida pode supor un alivio económico para os concellos, o cal vai reverter nunha mellora do financiamento local e, xa que logo, dos servizos á cidadanía.



Presa de santo Estevo, en Nogueira de Ramuín. (Ourense).

A Guarda presente en Madrid na reunión da Rede Española de Destinos EDEN

Atécnico de Turismo do Concello da Guarda, Rosalía Verde, asistiu o 21 de febreiro en Madrid a unha reunión convocada pola Secretaría de Estado de Turismo, co obxectivo de coordinar actuacións e propostas para a promoción dos destinos turísticos da Rede EDEN.

A reunión comezou coa intervención de Antonio Nieto, Subdirector General de Cooperación y Competitividad Turística da Secretaría de Estado de Turismo, e asistiron técnicos de turismo doutros destinos EDEN, persoal de TURESPAÑA e de SEGITTUR.

Nesta reunión abordáronse cuestións como a visibilidade dos destinos EDEN nas actuacións de promoción estatais e en mercados internacionais, elaboración dun plan de marketing, xestión de contidos nos portais turísticos de TURESPAÑA, etc.

Un dos temas claves da reunión foi a posibilidade de constituír a "Asociación Española de Destinos de Excelencia (EDEN)" que facilitará a coordinación coa Secretaría de Estado de Turismo e permitirá un contacto máis fluído coa Rede Europea de Destinos EDEN, e as posibles actuacións de promoción conxuntas.



Xeito
RESTAURANTE • MARISQUERÍA

ESPECIALIDADES
Pescados y mariscos de la ría
Regustado con aceites
Jugosos de la ría
Cordero • Cerdo
Calentado de pescados
Puntitos caseros

Rúa Fernández Albor, 19 (al final del puerto)
Tel: 986 610 474 • Móvil: 659 984 284
36780 A GUARDA (Pontevedra)
SERVICIO DE TAXI: 679 413 801

Restaurante
Riveirina
VIVEROS PROPIOS DE MARISCO

AVENIDA DEL PUERTO, 28
Tlfs. 986 61 05 56 | 986 61 05 35

LA GUARDIA
PONTEVEDRA

JUAN
RESTAURANTE

Conta Tel.
zarán contra de O Rosal
Pontevedra

Tel: 986 62 50 85
Fax: 986 62 56 25

www.restaurantjuan.com

BAR - RESTAURANTE
Porto Guardés

Rúa do Porto, 1 bajo
36780 A GUARDA (Pontevedra)
Teléfono Bar: 986 613 488
Teléfono Cuqui: 659 857 574

Hotel
EI-MAR

Wanda Somo, 12
36780 LA GUARDA
Pontevedra
Teléfono: 986 61 30 02
Fax: 986 61 11 56
www.eimarinhotel.com

Todas las habitaciones con:

- Baño
- Calefacción central
- Aire acondicionado en Calefacción y Zonas comunes
- Teléfono automático
- Agua caliente central
- TV
- Baño

El Pescador
CAFÉ-BAR

T. 986 61 32 49 / 670 69 14 03
Concepción Arnal, 23 - 36780 A Guarda

Area Grande
restaurante • taparía • cafetería

Praia Area Grande, s/n - 36780 A Guarda (Pontevedra)
☎ 986 61 30 91

As Copas
Café • Concerto

Praza As de Copas s/n - 36780 A Guarda (PO)
Horario 10:00 / 04:30 - Tlf: 626898376 / 686870419

CASA CHUPA OVOS

Toda un clásico de A Guarda, con más de 80 años a su servicio.
Comida casera y extensa carta de vinos.

Especialidades:
Pulpo con patatas
Estofado de Marisco
Revuelto de la casa
Pescado de la zona

A Roda, 24 - 36780 A Guarda
986 61 10 15

Entrevista

Por Pilar Martínez

Teresa Pedrosa, delegada do Estado para a Zona Franca de Vigo

“Queremos que os nosos polígonos sexan competentes e ofertaremos os primeiros 100.000 m2 da PLISAN a 50 euros o metro”

Teresa Pedrosa (Pontevedra, 1964), delegada do Estado para a ZFV desde 2012, conta cunha longa traxectoria profesional e política, como inspectora na Inspección de Traballo e Seguridade Social, presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais, deputada provincial e concelleira na cidade de Pontevedra. Pese ás dificultades que supón xestionar unha entidade como o Consorcio da Zona Franca de Vigo, amósase satisfeita dos obxectivos acadados nestes anos nos distintos polígonos industriais que o conforman.

O pleno da Zona Franca vén de aprobar os orzamentos para 2017, que ascenden a 41 millóns de euros. Considera que será posible executar os proxectos que nel se contemplan, como a ampliación do Parque Tecnolóxico, por exemplo?

Efectivamente, o pleno aprobou o seu orzamento de 41 millóns e unha cifra de negocio de 20 millóns, co que presentamos un resultado positivo para o Consorcio e cunha gran capacidade investidora. Pretendemos investir nos tradicionais polígonos industriais como o PTL e o de Balaídos, pero tamén queremos continuar da man do Porto e da Xunta na PLISAN. Desde logo, o meu desexo é que o orzamento se execute.

Porén, o documento orzamentario non inclúe o convenio coa ETEA. Ata que punto o impide a posición do alcalde cando afirma que sacar adiante ese convenio suporía regalarlle os cartos á Xunta?

O Consorcio está formado por distintas institucións e preidido polo alcalde que incumpriu as súas obrigas de convocar os plenos, tal e como establece a norma. Ademais, non quixo tratar o convenio na orde do día, convenio que pretende apoiar a outras institucións como a Universidade de Vigo. Exerceu o seu dereito a veto, e veremos se vai adiante. O desexo do Comité Executivo é levar a cabo a colaboración en investigación nun tema tan importante como o relacionado co mar; pero non só referido á construción naval –que tamén–, senón á gastronomía, ao turismo en todas as súas diferentes vertentes.

Retomando un proxecto fundamental que vostede mencionou máis arriba, o da PLISAN, en que punto se atopa a súa urbanización?

O Consorcio foi a primeira institución



que actuou con visión metropolitana, xa que proxectou a PLISAN como porto seco do Porto de Vigo. Despois de anos de moitas dificultades, agora temos resoltos a maior parte dos conflitos pola vía xurídica. E nestes momentos está en redacción o proxecto de máis de 500.000 m2 de superficie.

En Portugal estanse ofertando miles de metros cadrados de superficie a prezos moi baixos. Pensa que este feito repercutirá no interese que esperte nas empresas asentarse na Plataforma Logística PLISAN? A que prezo se cobrarán os terreos?

Nós sacamos uns prezos estimados nos diferentes polígonos da xeografía galega. De feito, no único polígono industrial no que actualmente temos terreos é en Porto do Molle, en Nigrán. A nosa obriga é facer que os polígonos sexan o máis atractivos posible e por iso sacaremos os primeiros 100.000 m2 da PLISAN a 50 euros o metro cadrado.

Por concretar un pouco máis, hai datos de cantas empresas teñen mostrado in-

terese por instalarse na PLISAN?

Aínda non están a disposición as parcelas, pero si que hai empresas interesadas na súa urbanización. Confiemos en acadar o cen por cen de ocupación, ao igual que nos polígonos de Balaídos, no PTL, en A Granxa e en Bouzas. A nosa ilusión é que a PLISAN sexa o motor do sur de Galicia,

que teña conexións intermodais e con moitas vantaxes para que sexa competitiva. Calquera que queira pode achegarse e ver que a súa comunicación interior é imparabile. O obxectivo é que calquera empresa que queira poida asentarse.

Actualmente, falta algo por aboarlle aos afectados, como comuneiros e particulares?

A maior parte dos problemas resolvéronse a través de sentenzas, que se están executando e por suposto estase facendo fronte aos pagos correspondentes.

Cumpríronse recentemente cinco anos do seu nomeamento como delegada para a ZFV. Que balance fai deste período?

Estou moi satisfeita porque, cando cheguei, hai cinco anos, efectivamente, observamos que o polígono industrial máis forte, o de Balaídos, tiña moitas carencias, polo que asumimos unha gran transformación que permitiu adxudicar novos modelos á factoría alí instalada. Ademais atopei que en Porto do Molle só había unha empresa instalada e agora teño a honra de poder dicir que hai máis de 120. Por outra banda, metémonos de cheo en sectores que non tiñan forte presenza en Galicia e fomos capaces de poñer en marcha un viveiro aeroespacial e que novas empresas sexan unha realidade.

Que retos se marca para os vindeiros anos?

Teño o obxectivo de conseguir que haxa máis empresas e máis traballadores no Consorcio da Zona Franca de Vigo, pero tamén de levar con normalidade as relacións que eu non rompín. Ademais quero poder executar proxectos fundamentais para o desenvolvemento industrial de Vigo. Estamos na sociedade do coñecemento, polo que ademais de apoiar o ladrillo é necesario apoiar o coñecemento.



Por Guillermo Rodríguez Fdez.

Horacio Gil, alcalde de Arbo

“Traballamos para a desestacionalización da nosa oferta gastronómica e turística”

A lamprea xa leva algún tempo como reina das Festas nesta temporada. Os portugueses comezan algo antes. Nestes momentos hai peticións das dúas ribeiras para que a tempada comence a primeiros de xaneiro.

A finais do próximo mes de abril celebrarase en Arbo, capital da lamprea, a LVII Festa da Lamprea. Tivemos unha pequena conversa co Sr. Alcalde, para falar disto e doutras cousas de actualidade.

Sr. Alcalde, recentemente a Festa da Lamprea de Arbo foi declarada de Interese Turístico Nacional. Que supón este recoñecemento?

-Este feito, evidentemente, supón un recoñecemento moi importante e merecido para todos os veciños e veciñas de Arbo, para os pescadores, para os restaurantes, os cocineiros e cocineiras; para todos os adegueiros, os agricultores, polo traballo ao longo destes 56 anos (este ano celebramos a LVII edición da Festa). Tamén supón a posta en valor da gastronomía e da viticultura do noso concello por ser pioneiras neste nicho industrial arredor do turismo. Os primeiros organizadores que puxeron en marcha esta festa xa tiveron a visión de que estes recursos propios que tiñamos como a lamprea e o viño contribuirían a situar a Arbo no mapa. Foron pioneiros da utilización deste recurso como oferta económica e turística.

Que esixencias pide o organismo que concede esa importante cualificación?

-Valóranse varias cousas: o arraigo da Festa no propio concello; a importancia da festa en relación a outras festas gastronómicas e tamén a presenza da propia festa nos medios de comunicación tanto galegos coma do resto do Estado polo recoñecemento que isto supón para a propia festa. O feito de que durante 57 anos ininterrompidos se celebre a Festa da Lamprea en Arbo. **A xestión deste recoñecemento como se xestiona?**

-É un expediente que elabora o propio concello, que traslada ao departamento de Turismo da Xunta de Galicia; ali, unha vez estudado e valorado, se lle consideran méritos suficientes, fano chegar ao Ministerio correspondente do goberno do Estado. Este

é quen, finalmente, lle concede ou non a distinción de Festa de Interese Nacional.

Alcalde, vde. xa peitea ruzas na política local de Arbo. Como analiza o desenvolvemento da política económica de Arbo en función da súa gastronomía?

-Pois, evidentemente, nestes últimos 25 anos houbo un desenvolvemento importante arredor da Festa da Lamprea cun primeiro recoñecemento de Festa de Interese Turístico de Galicia e agora co recoñecemento de Festa de Interese Turístico Nacional. Estes dous feitos provocaron un importante desenvolvemento do noso sector turístico, sobre todo no eido da restauración e do sector turístico rural. Este ano implantáronse en Arbo novos restaurantes e tamén unha importante oferta en turismo rural. Contamos cunhas cinco casas que ofrecen plazas de turismo rural cun nivel de servizos e de calidade de oferta turística alto e importante. Dende un albergue ata casas de turismo rural propiamente ditas. Tamén conleveu un importante desenvolvemento do sector vitivinícola. A superficie adicada a viñedos hoxe en día é moi superior á existente 25 anos atrás. A construción de novas adegas que elaboran uns excelentes viños que os píoñen nos mercados nacionais e internacionais.

Sen embargo, Alcalde, terá que admitir que a situación do sector da hostelería non está pasando por un bo momento, sobre todo o resto do ano.

-É verdade que a situación está mal en calquera dos sectores de que falemos; o da hostelería non ia ser unha excepción. Por esa razón estamos traballando para desestacionalizar a oferta turística e gastronómica ao longo do ano. Aí está a Festa da Lam-



prea seca para que non sexa só de xaneiro a maio senón que se extenda a todo o ano. A oferta de turismo rural tamén fai que no verán veñan moitos turistas a desfrutar das súas vacacións no noso concello. Estamos a promover de maneira potente os nosos recursos tanto patrimoniais coma paisaxísticos e gastronómicos para conseguir que Arbo tamén sexa un punto de interese turístico todo o ano. En colaboración coa Dirección Xeral de Turismo fixemos a Ruta da lamprea ou os trens turísticos que tiveron unha boa aceptación e neste ano vaise continuar con eles.

Parece que os portugueses neste asunto leven anos cunha visión máis avanzada. Eles, durante todo o ano, teñen movidas, historias, constantemente... verán e inverno. Na nosa zona vexo menos arranque. É por que hai poucas axudas?

-Arbo é un concello que ten unha poboación de tres mil cincocentos habitantes, evidentemente a disponibilidad presupuestaria que temos para promoción e posta en valor dos nosos recursos son limitadas, pero afortunadamente contamos

co importante apoio da Dirección Xeral de Turismo que está a apostar moi forte polo turismo rural de Galicia e concretamente no noso concello hai unha posta en valor importante recuperando o valor das pesqueiras, coa creación desa Ruta da Lamprea na que temos postas moitas expectativas. A Ruta da Lamprea abarca todos os concellos galegos nos que hai lamprea. Aquí veñen de facerse traballos de recuperación das pesqueiras para que sexa accesibles a visitantes que veñen durante todo o ano. Somos moi afortunados de contar con este patrimonio único que forman as pesqueiras que xunto co río e as paisaxes dos arredores do río conforma unha razón moi atractiva para que a xente veña á Arbo. Tampouco podemos deixar de lado o atractivo dos deportes de risco como é o rafting que se practica no río Miño. Aquí temos dúas empresas dedicadas a esta actividade deportiva e tamén estamos creando novas rutas de sendeirismos.

Podemos pensar que ten moito que ver con todo iso que me contas o feito de que a Directora Xeral de Turismo da Xunta sexa destas Terras,

de Pontearreas?

-Evidentemente entendo que a Directora Xeral teña unha sensibilidade especial por Arbo como a ten por outros moitos concellos do rural galego. Sei que trata de que recuperemos un desenrolo sostible en progreso.

Para rematar, Alcalde, que pasa cos montes de Arbo?

-Pois, desgraciadamente, Arbo veuse afectado o ano pasado por un terrible incendio que arrasou o 70 ou 80% da masa forestal do concello. Non foi o primeiro incendio que sufrimos pero este do pasado ano alcanzou unha proporción como nunca acadara. Sufrimos situación de risco moi moi severas. Non lembro un incendio desa magnitude. Evidentemente, dentro da desgraza de vernos gravemente afectados por ese incendio, teño que manifestar o meu agradecemento polo traballo que dende a Consellería de Medio Rural estase a facer non só na nosa zona senón noutras zonas de Galicia para a recuperación das zonas afectadas.

Grazas, Alcalde. Que a Festa da Lamprea sexa todo un éxito e que Arbo acade os niveis de benestar que as xentes destas terras se merecen.



28, 29 e 30 de Abril

XXIII Feira Agroindustrial e Artesanal da bisbarra do Condado e Paradanta

O concello de Salceda presenta a súa primeira Relación de Postos de Traballo

O Equipo de Goberno do Concello de Salceda ten xa rematada a proposta de Relación de Postos de Traballo (RPT) que proximamente será presentada tanto aos representantes sindicais como aos restantes grupos políticos da corporación. O documento, que será o primeiro existente na historia do Concello de Salceda, permitirá a regularización dos diferentes postos existentes no Concello, así como a creación de novas prazas precisas para o correcto funcionamento da administración local. A RPT elimina as desigualdades existentes ata o de agora entre persoas que, desempeñando as mesmas funcións, tiñan condicións salariais moi diferentes, outorgadas a cada un deles durante os anos de Goberno do PP e herdadas polo Goberno actual. Grazas ó documento pasarán a unificar a súa situación, igualando os salarios entre persoal funcionario e laboral que desempeñe as mesmas funcións. Así mesmo, o documento servirá para recoñecer situacións especiais como a turnicidade, a xornada partida ou a penosidade.

A RPT é un documento técnico, obrigatorio por lei, que permite a ordenación do persoal dacordo coas necesidades dos servizos prestados dende o Concello, establecendo un organigrama ideal para o funcionamento do Concello.

Da prantilla actual, o 88% da mesma vería mellorada a súa situación salarial actual, mentres que o 12% restante manterían as súas condicións, máis favorables neste momento, non prevéndose a eliminación de ningunha das prazas ocupadas neste momento.

A RPT é a ferramenta que permite cubrir



as prazas vacantes, a través dunha oferta de emprego público que se podería realizar unha vez entrase en vigor o documento. Servirá ademais para convocar prazas obrigatorias por lei, como son a dun tesoureiro habilitado nacional e a de un oficial de policía, e para recoñecer postos de encargado/a ou coordinador/a de diferentes áreas, inexistentes ata o de agora. Contémplase tamén a creación dun posto de Técnico/a de Administración Xeral para dar apoio a Secretaría e Intervención, mellorando os prazos na tramitación de expedientes fundamentais para o Concello. A RPT é ademais unha ferramenta básica para mellorar a eficacia, a eficiencia e a produtividade da plantilla municipal.

Así pois, estamos ante un documento fundamental para o Concello de Salceda que mellorará as condicións laborais e salariais,

ofrecéndolles aos traballadores/as unhas garantías e unhas condicións das cales carecían ata o de agora.

Jose Luís González, Concelleiro de Facenda: “A RPT vai supoñer un importante esforzo económico para as arcas municipais. A RPT é a única maneira de eliminar as desigualdades existentes ata o de agora e de garantir que todos e cada un dos empregados municipais teñan as condicións que lle corresponden segundo o seu traballo”.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: “Seguimos a regularizar e ordenar esta casa, e a RPT é unha ferramenta fundamental para poder facelo. Tódolos traballadores/as son iguais para este Goberno, e non podemos permitir que sigan existindo este tipo de desigualdades sen ningún tipo de xustificación entre eles”.

As Neves solicita á Conselleira a utilización da futura EDAR da Plisan

O Alcalde do Concello das Neves, Xose Manuel Rodríguez solicita diante da Conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, a necesidade e oportunidade da utilización na nova Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) que se vai construír na Plisan. O Concello quere mellorar a situación do saneamento e a calidade da auga dos ríos.

Plantexárase o vertido do saneamento de boa parte do territorio municipal. Tamén se impulsará a colaboración de Augas de Galicia para o deseño e execución da canle de saneamento con destino a Estación Depuradora.

O Alcalde afirma que é unha compensación necesaria para a poboación das Neves despois de tantos anos de incumprimentos reiterados, de expectativas frustradas e da grave alteración da morfoloxía do territorio.

De igual modo avanza-se no estudo da solución proposta para rexenerar ambientalmente o millón de metros cadrados excluído do actual ámbito Plisan, así como a abono definitivo das indemnizacións aos expropiados.

Ponteareas inicia unha campaña informativa sobre a vespa velutina nos centros escolares

A iniciativa, que correrá a cargo dos bombeiros de Ponteareas e o apicultor Tomás Rivero, mostrará ao alumnado como facer sinxelas trampas caseiras.

O Concello de Ponteareas, a través da Concellería de Tráfico e Seguridade Cidadá, que xestiona Vanesa Fernández, iniciou unha campaña informativa sobre a vespa velutina, dirixida ao alumnado dos centros educativos de Ponteareas.

A iniciativa, que correrá a cargo dos bombeiros de Ponteareas acompañados do apicultor ponteareán Tomás Rivero, busca concienciar aos máis pequenos sobre os efectos que a vespa asiática ten sobre a biodiversidade autóctona. A maiores da in-

formación que se lles ofrece aos escolares de xeito ameno, estes aprenderán a facer sinxelas trampas caseiras para que, dese xeito, poidan poñer o seu gran de area no control desta praga.

Ao longo das charlas informativas, aos alumnos e alumnas entrégaselles un folleto informativo no que amais da construción, paso a paso, das anteditas trampas caseiras, explicase que é a vespa velutina ou asiática, a diferenza entre esta e a vespa crábro ou autóctona, como son os niños e onde se localizan e, ben

resaltado, a recomendación de que se avistan un niño de vespa velutina, non se acheguen a el e dean aviso inmediato ao 012.

O CEIP Fermín Bouza Brey foi o primeiro centro educativo en acoller, o 31 de febreiro, esta actividade que, o martes 7 de marzo, ten a súa continuidade no CEIP Feliciano Barrera de Guláns e Santiago Apóstol, para facelo, o venres 10 de marzo, no IES Val do Tea.

O Concello de Ponteareas, explicaba a concelleira de Seguridade Cidadá, Vanesa Fernández, “comparte a preocupación dos apicultores polo avance da praga da vespa velutina” polo que é importante, a concienciación da sociedade “para que, entre todos, poñamos os medios que estean ao noso alcance para tentar frear

un problema que ameaza, moi seriamente, á biodiversidade autóctona”.

Vanesa Fernández, destacando a labor dos Bombeiros de Ponteareas acompañados por un apicul-

tor que, no pasado ano, retiraron máis de cinco centos niños no municipio ponteareán. “Ponteareas é un dos concellos da provincia de Pontevedra no que maior incidencia ten a praga da vespa velutina”.



Novas da Raia

Redacción MONÇÃO



O alcalde con xornalistas no Museo do Alvarinho.

Monção promocionou a lamprea do río Miño

A iniciativa “Promoción da Lampreia do Río Miño” celebrouse en Monção durante dous fins de semana. No Museo do Alvarinho foi a presentación pública do programa aos medios de comunicación social portugueses e galegos e aos empresarios de restauración participantes nesta iniciativa gastronómica e turística. Ademais do alcalde de Monção, Augusto de Oliveira Domingues, estiveron presentes o concelleiro das Actividades Socioculturais, Paulo Esteves, e o director do Sport Club do Porto, sección de automobilismo, Sousa Magalhães. Na mesa, estivo Joaquim Meira, en representación do Rotary Club de Monção, que presentou o habitual xantar da lampreia daquela institución.

Augusto de Oliveira Domingues deu conta que a presente iniciativa engloba un conxunto diversificado de actividades lúdicas e deportivas que, en conxunto, constitúen motivos apelativos para un traslado ao concello de Monção, contribuíndo á valorización turística da localidade raiana e para a dinamización dos sectores da restauración e hostalería. O alcalde monçanense reforzou aínda a súa posición relativamente á abertura da pesca na zona das pesqueiras, defendendo que a data actual, 15 de febreiro, debía ser revisada.

Afirmou: “A pesca nesta zona abre moito tarde. Penso que esta situación prexudica seriamente pescadores e restaurantes. Defendo a súa anticipación para inicios de febreiro. Tanto eu como o alcalde de Salvaterra temos feito sentir esa necesidade aos responsables”. O director do Sport Club do Porto, sección de automobilismo, Sousa Magalhães, lembrou o papel de António Paiva, falecido recentemente, na afirmación do Rali á Lampreia, realçando que a edición deste ano promete moita participación e, tal como os anos anteriores, constituirá un escenario privilegiado para quen lle gusta o deporte motorizado e boa gastronomía.

Rali da lamprea

O concelleiro das Actividades Socioculturais, Paulo Esteves, falou na presentación do programa destes dous fins de semana, destacando, entre as iniciativas propostas, a realización do 40º Rali á Lampreia, evento que promete xuntar miles de persoas nas rúas e varandas do núcleo histórico monçanense. Promovida polo Concello de Monção e Sport Club do Porto, a 40ª edición do Rali á Lampreia realizouse o día 26 de febreiro, domingo. Englobou dúas probas coa presenza de media centenar de participantes portugueses e españois.

Participaron 27 restaurantes do concello cun menú dedicado á lampreia, desde o máis tradicional, con arroz ou á bordalesa, ás abordaxes máis contemporáneas como empanada ou sushi. Realizouse o 2º Rali Gastronómico da Lampreia. Sete bares convidaron a unha noite distinta con presentación de acepipes de lampreia. Cada participante neste rali obtivo un pasaporte que selou, comprobando a súa pasaxe (con degustación e consumo de bebida) por cada un dos bares aderentes. Os tres primeiros a completar o circuito recibiron premios. O primeiro premio foi unha cea de lampreia para dúas persoas no Restaurante Sabores, o segundo unha oferta thermal para dúas persoas nas Termas de Monção e, o terceiro, unha caixa de Viño Alvarinho MQ Viños Vale dos Ares. Participaron Cafeteria Lux, Chaplin Burger, Lés-a-Lés, Marxe Bar, Pedrinha Bar, Porta 11, e Zoom Café. A noite terminou con actuación do Grupo Melmusic, na praza Deula-Deu. Con organización da Terra Minhota Aventura e apoio do goberno autónomo monçanense, realizouse o 1º Encontro de Clásicos da Lampreia. O día 11 de marzo, sábado, o programa comprende concentración e desfile de confrarías entre a antiga estación e o Museo do Alvarinho, xantar convivencia e animación co grupo “Sons do Gadanha”.

Real Confraria do Vinho Verde Tinto

Relancar a produción e comercialización de vinho verde tinto da Sub-Região de Monção e Melgaço é o principal objetivo da Real Confraria de Vinho Verde Tinto, a primeira da região dos vinhos verdes dedicada em exclusivo à defesa e valorização daquela casta.

Apresentada na passada sexta-feira, 24 de fevereiro, no Centro Cultural do Vale do Mouro, a nova confraria, foi constituída em outubro de 2016, estando a primeira entronização prevista para o dia 4 de março, sábado, naquele espaço cultural localizado na freguesia de Tangil.

Nesta cerimónia, que engloba ainda um desfile entre a Casa do Povo de Tangil e o Centro Cultural do Vale do Mouro, serão entronizados os 14 membros fundadores da confraria. Na Feira do Vinho Tinto, em finais de maio, realizar-se-á uma nova entronização.

Para o Grão-Mestre Aurélio Alves, a confraria tem como missão colocar o vinho verde tinto no lugar que merece. Por outras palavras, promover e defender uma

casta singular que, nos últimos anos, foi relegada para segundo plano devido à aposta dos viticultores na produção de vinho Alvarinho.

Procura igualmente contribuir para a preservação da tipicidade rural e valorização da autenticidade paisagística da Sub-Região de Monção e Melgaço, recorrendo, nesse sentido, à divulgação do seu vasto e rico património construído, vitivinícola e gastronómico.

Além dos membros fundadores, na apresentação da confraria marcou presença o autarca monçanense, Augusto de Oliveira Domingues, e diversas personalidades ligadas ao setor vinícola: Anselmo Mendes, enólogo/produtor de vinhos, José Emílio Moreira, Grão-Mestre da Real Confraria do Vinho Alvarinho, e Armando Fontainhas, Presidente da Adega Cooperativa Regional de Monção.



Redacción CERVEIRA

Cerveira retira árbores caídas na margem do rio Minho

Os fortes ventos sentidos em janeiro provocaram a queda de algumas árvores que se encontravam, desde então, tombadas sobre a margem do rio Minho. Respeitando as orientações da Polícia Marítima, através da Capitania do Porto de Caminha, a autarquia cerveirense, numa ação de caráter cíclico, procedeu à remoção e limpeza da margem do rio, no sítio dos Dois Porte-

los ao longo de cerca de 500 metros.

Os trabalhos realizados incidiram igualmente na remoção de galhos secos e de infestantes, bem como de algum lixo e entulho ali acumulado, quer por incúria quer por arrasto das correntes.



O Eixo Atlántico aproba a concesión das medallas dos 25 anos a Fernando Gomes, Eneko Landaburu e Jacques Delors

A entidade aprobou un orzamento de tres millóns de euros para este ano

O Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular celebrou o 15 de febreiro no Museo Interactivo da Historia de Lugo a súa asemblea xeral anual coa participación de representantes das 38 cidades e entidades que o integran, como é o caso da alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, quen deu a benvinda no comezo da reunión.

A Asemblea Xeral aprobou a concesión das medallas do 25 aniversario, a tres europeístas claves no nacemento do Eixo como foron o entón alcalde do Porto, Fernando Gomes; o que fora director xeral de Política Exterior da Comisión Europea, Eneko Landaburu; e o presidente da Comisión Europea naquel momento, Jacques Delors. O acto celebrouse en Braga no mes de xuño coincidindo con o congreso da Axenda Urbana.

Esta asemblea coincide co 25 aniversario desta entidade de cooperación transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal e contou coa presenza do presidente do Eixo Atlántico e alcalde de Braga, Ricardo Rio; o vicepresidente, Alfredo García, o secretario xeral do Eixo, Xoán Vázquez

Mao, así como o secretario de Estado de Infraestruturas, Julio Gómez Pomar, quen participou na clausura.

A reunión comezou cun minuto de silencio en recordo do alcalde de Matosinhos, Guilherme Pinto, recentemente falecido. Pinto foi un gran defensor e impulsor da cooperación transfronteiriza, algo que se visualizou con feitos como a organización dos Xogos do Eixo.

Durante a súa intervención a alcaldesa de Lugo, anfitroia da reunión, destacou o papel do Eixo Atlántico como entidade de xestión capaz de buscar sinerxías entre dúas rexións con iguais problemáticas e o mesmo denominador común, para cohesionar o seu territorio e impulsar o seu crecemento dun xeito equilibrado e xusto.

Liñas de actuación 2017

Durante a asemblea aprobouse un orzamento de tres millóns de euros para este ano, realizouse un balance da xestión de 2016 e foron presentadas por parte do presidente e vicepresidente as principais liñas de actuación de 2017.



Por unha banda, no que respecta ás infraestruturas, o Eixo defendeu ante o secretario de Estado de Infraestruturas a necesidade da saída sur por Vigo do tren, que posibilitará unha conexión directa entre A Coruña e Lisboa; así como a conexión ferroviaria entre Lugo e Ourense; o impulso definitivo ao Porto Seco de Monforte, que permitirá a conexión coa rede transeuropea de transportes; ou a mellora do trazado da estrada Bragança-Puebla

de Sanabria, que facilitará o acceso dos cidadáns de Tras-Ós-Montes ao AVE que conectará Galicia con Madrid e Europa.

No ámbito cultural e deportivo, destaca a celebración da feira de turismo de proximidade Expocidades, prevista este ano en Vila Real no mes de xuño; ou os XII Xogos do Eixo Atlántico, que se desenvolverán entre Lugo, Sarria e Monforte, de xeito simultáneo, en xullo.

No eido cultural os membros da

assemblea tamén acordaron o apoio formal do Eixo á candidatura dos Caretos do Entroido de Macedo de Cavaleiros para ser recoñecidos como Patrimonio da Humanidade por parte da Unesco.

Congreso en Braga

Unha das principais liñas de traballo do Eixo actualmente é Axenda Urbana, que supón un conxunto de estratexias que teñen como obxectivo situar no horizonte de 2020 as cidades asociadas nunha mellor situación competitiva. A Axenda Urbana do Eixo Atlántico será presentada no marco do congreso que se celebrará en xuño en Braga con motivo dos 25 anos do Eixo Atlántico.

Por último, cómpre destacar o acordo para propoñer na vindeira Cumbre Ibérica Eixo aos gobernos de España e Portugal dun novo modelo de relacións entre ambos países que substitúa ao obsoleto tratado de Valencia.

Exposición

Con motivo do 25 aniversario da creación do Eixo Atlántico inaugúrase tamén unha exposición conmemorativa na Praza Maior de Lugo. Trátase dunha mostra composta por 36 lonas articuladas en forma de cubos onde se fai un percorrido pola historia do Eixo e os seus grandes fitos de cooperación transfronteiriza e vertebración do sistema urbano.

DIAGO ANTONIO GONZÁLEZ 49
A GUARDA
EROSKI center
más que tu super mercado

PEDRAFURADA
Venga a pasarlo bien
Sábados y Domingos
Bailando y Cantando,
Salón de élite
Menús desde 15 €
SERVICIO DE TAPAS Y BOCADILLOS
BAILE Y APARCAMIENTO GRATIS
Información y Reservas 616 144 306 - 986 659 184
OLEIROS - SALVATERRA

Novas das Empresas

Redacción OURENSE

Monterrei e Expourense ratifican a súa colaboración

O Consello Regulador da Denominación de Orixe de Monterrei asinou esta mañá un convenio para continuar, por terceiro ano consecutivo, como entidade colaboradora de Expourense ao longo de 2017. A través dun módulo publicitario, a imaxe do consello estará presente en todos os eventos que organice o recinto feiral e que adoitan convocar cada ano a máis de 120.000 visitas. Esta colaboración estreitarase en eventos especializados no sector do viño como é o caso de Xantar ou Vinis Terrae. A sinatura do convenio correu a cargo do presidente do CRDO Monterrei, José Antonio Da Silva Pereira, e do director xerente de Expourense, Alejandro Rubín Carballo.

A ratificación deste convenio, inclúe ademais o traballo conxunto nas distintas accións promocionais nacionais e internacionais que ambas as dúas entidades realizan ó longo do ano. Deste xeito, o viño de Monterrei poderá promocionarse nas feiras internacionais ás que acude Expourense e viceversa.

Este convenio permitiu a presenza destacada da D.O. Monterrei en eventos como Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, onde o Consello Regulador organizou unha cata comentada e onde tamén se puideron coñecer



Alejandro Rubín e José Antonio Da Silva Pereira.

os viños das distintas adegas adscritas no Túnel do Viño que foi visitado por centos de profesionais da hostalería e da restauración.

Expourense e o CRDO Monterrei poderán colaborar ademais na organización de misións comerciais internacionais que teñan o obxectivo de promover o viño galego. Este é un dos obxectivos de Vinis Terrae, o Salón do Viño e Licores Galegos de Calidade, previsto para o mes de abril. O consello contará cun stand nesta cita e promoverá a participación nela das 25 adegas adscritas.

Coa ratificación deste convenio, o C.R.D.O. Monterrei súmase á listade entidades colaboradoras de Expourense que confían no recinto para facer visibles os servizos que prestan e como plataforma para contar cunha presenza máis notable entre a sociedade galega.

O grupo ourensán A Feira está presente en Asturias

O Grupo Pulperías A Feira acaba de recibir en febreiro a medalla de ouro que otorgou Radio Turismo na 18 edición do Salón Internacional de Turismo Gastronómico (Xantar) en Expourense.

O grupo empresarial ten a sede central en Ourense, con dous establecementos e cun catering no Carballiño.

En Asturias mantén aberto un local en Oviedo e dous en Gijón. O día 8 de febreiro abriu un novo establecemento en Overo, localidade da parroquia de Trasona (Corvera de Asturias) preto do encoro de Trasona e a 20 metros sobre o nivel do mar.

A Posada A Feira ofrece hotel, menú diario e menú especial para grupos, con reserva (985 57 86 64).



Casiano Méndez Alfonsín recollendo a medalla de Ouro.



Personal de A Feira en Xantar 2017.



edades
servicios sociales

Estamos contigo

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENEFICIOS
Programa axuda no fogar RUEPSS E-5556/P.001

Tienda de Productos Ortopédicos y Ayudas Técnicas

COMPRA VENTA DE SEGUNDA MANO Y ALQUILER

OFERTA FERIA
15% DE DESCUENTO
EN TODAS LAS CAMAS
HASTA 15 DE MARZO






AGENCIA DE COLOCACIÓN N° 9900000120 - DENOMINACIÓN: CRISPAUTIN, S.L.U. - Inscrita en el servicio de empleo estatal SEPE

Tienda on-line: www.ayudastecnicasourense.es

Teléfono de guardia: 673 515 907 - ourense@edades.org

Avda. de Marín, 33, baixo- OURENSE - T 988 37 57 72

Redacción OURENSE

Oca Hoteis xestiona o complexo hostaleiro de Allariz

A compañía Oca Hoteis xestiona a totalidade do complexo hostaleiro de Allariz despois do acordo que alcanzou co grupo hostaleiro AC para facerse coas instalacións.

Ramón Braña Cobas, director xeral de Oca Hoteis mostrouse satisfeito con este novo paso na súa entrada no complexo allaricense, no que xa ofrecen todo tipo de celebracións. O obxectivo dos novos xestores do complexo

hostaleiro é "estar máis preto da poboación, de Allariz, de Ourense, prestar máis atención ao cliente de proximidade", convertendo ao complexo nun referente neste campo, segundo sinalou Ramón Braña.

O grupo Oca pretende converter as instalacións "nun referente gastronómico", xa que dispoñen dun salón de banquetes con capacidade para 450 persoas e totalmente diáfano. Braña Cobas

móstrase esperanzado ante as expectativas postas pola súa compañía en Allariz, "pois se trata dun produto moi bo, cunha localización cun encanto especial e nunha vila moi ben coidada".

O hotel ten catro estrelas e conta con 38 habitacións, unha suite e outras instalacións complementarias, como o gran salón de banquetes e un spa. Desde mediados do pasado mes de novembro a dirección do complexo



Aspecto exterior do complexo hostaleiro de Allariz.

corre a cargo de Goretti Igrexas. A primeira actividade realizada foi unha gala benéfica a favor de

Cruz Vermella. Actuou a Banda Nova e o coro da Escola de Música da Unión Musical de Allariz.

Redacción NdEA

Valença projecta novo polo industrial com 140 hectares

Valença está a projetar um grande polo industrial, com 140 hectares, reforçando a capacidade de oferta de solo industrial e a captação de novos investimentos.

O grande polo ficará situado na parte sul do concelho e será desenvolvido em parceria com Vila Nova de Cerveira. Esta será uma estrutura que permitirá uma continuidade geográfica entre as áreas industriais já existentes destes dois concelhos.

A oferta de solo industrial infra-estruturado, mão de obra cada vez mais qualificada, aces-



sos rodoviários por auto-estrada aos grandes polos industriais da Península, proximidade a portos e aeroportos colocam Valença no topo dos locais de preferência dos grandes investidores.

O grande polo abrange uma ampla área envolvente a duas infra-estruturas supra municipais já existentes, o Aeródromo de Cerval e o Aterro do Vale do Minho.

A aposta na captação de novos investimentos tem sido uma das grandes prioridades do concelho que neste momento dispõem do Parque Empresarial de Valença e da Zona Industrial de São Pedro da Torre. Nestas duas áreas industriais estão garantidos investimentos superiores a 30 milhões de euros, nos próximos dois anos, em novas fábricas e na ampliação de unidades industriais existentes.

Centro Funerario do Alto Minho instala-se no polo empresarial da Lagoa

O Centro Funerário do Alto Minho, com instalações junto ao Cemitério Municipal de Monção desde dezembro de 2010, inaugurou, no passado sá-

bado, um novo espaço (CFAM Bioconser) no Polo Empresarial da Lagoa, potenciando a oferta dos serviços existentes e abrindo portas a outros objetivos.



Galpellet

Planta
Pol. Industrial de Trado, Parc. 17-A
32235 Pontedevea (Ourense)
Tlfs. 988 48 21 17 - 630 030 630
email: administracion@galpellet.net

Delegación Comercial
Concordia nº1 Ofc. 1ºB 32003 Ourense
Tlf. 988 60 70 20

El pellet que **te cuida**

OTROS

- ¿Cuida tus instalaciones caloríficas? **no**
- ¿Es responsable con el medio ambiente? **no**
- ¿Utiliza 100% madera de pino natural? **no**
- ¿Cumple con todas las garantías EnPlus A1? **no**

Galpellet

- ¿Cuida tus instalaciones caloríficas? **si**
- ¿Es responsable con el medio ambiente? **si**
- ¿Utiliza 100% madera de pino natural? **si**
- ¿Cumple con todas las garantías EnPlus A1? **si**

Pásate al pellet, porque es más seguro, sin riesgos de explosión, y sin ningún riesgo para tu salud.

La energía más económica

EN plus A1

www.galpellet.net

Vinis Terrae, 3 e 4 de abril, en Expourense

Reuniuse en Expourense o comité asesor de Vinis Terrae, o Salón do Viño e Licores Galegos de Calidade, que celebrará a súa sétima edición os días 3 e 4 de abril de 2017. Déronse a coñecer os mercados cos que se está traballando para que participen na feira, todos eles de interese para o viño galego como son o norteamericano e centroamericano e de países procedentes do centro e norte de Europa (mercados anglosaxón e nórdico, fundamentalmente).

Vinis Terrae consolídase como o único salón exclusivamente profesional e especializado no viño e licores galegos de calidade que pretende reunir á máxima cantidade de produtores garantíndolles un mínimo de 15 citas por adegas expositoras con

importadores e distribuidores que coincidan cos seus perfís de interese. Está aberto o prazo de inscrición para as adegas galegas que queiran participar nesta cita e presentar os seus viños aos hosted buyers.

A visita dos hosted buyers a Vinis Terrae permitiralles coñecer os distintos viños das adegas e cooperativas galegas que están a se abrir ao mercado internacional. Na reunión participaron os presidentes dos consellos Reguladores de Denominación de Orixe Monterrei e Valdeorras; representantes da Consellería do Medio Rural, Ramón Lamelo e José Antonio Bouza Escudeiro; o presidente da Cámara de Comercio de Ourense, Juan Carlos Parada; o xerente do Inorde, José Manuel Rodríguez; o vogal da Asocia-



Edición de Vinis Terrae en 2015.

ción de Catadoras de Galicia, Tino Igrexas; o director da Estación de Viticultura e Enoloxía de

Galicia (Evega), Juan Manuel Casares; a representante da Asociación de Novos Empresarios de

Ourense, Ana Méndez; e o presidente da Asociación Galega de Enólogos, Luís Buitrón.



VII SALÓN DO VIÑO E LICORES GALEGOS DE CALIDADE
3 E 4 DE ABRIL DE 2017
OURENSE



¡Ven coñecer
as últimas
colleitas das
adegas galegas!

Participa no
programa de
xornadas técnicas
e actividades
profesionais.

A única cita...

100%
adegas
galegas

100%
calidade

100%
profesional



Solicita a túa acreditación
profesional en
www.vinisterrae.es
info@vinisterrae.es

ORGANIZA



CO-APRODUCEN



COLABORAN

